d) Realizadas as probas e tarefas descritas no alinéa c), observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ao longo do curso e as realizadas na avaliación ordinaria, de cara a calcular a cualificación nesta avaliación.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non hai ningún alumno coa materia pendente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé, e que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando AO o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso. Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluirá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias. As familias serán informadas deste plan, podendo acreditarlo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros

cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.

- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).

- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.

- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.

- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.

- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.

- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado titor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.

- Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.

- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

- Proporáselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Dereitos da infancia  |      | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación                                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Educación para o desenvolvemento sostible                         |      | X    |      |      |      | X    |
| ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual                  |      | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.6 - Comprensión de lectura  | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Expresión oral e escrita  | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Comunicación audiovisual  | X    | X    |      | X    | X    | X    |
| ET.9 - Competencia dixital   | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Emprendemento social e empresarial                               |      | X    |      | X    |      | X    |
| ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico                         | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Educación emocional e en valores                                 |      | X    | X    |      | X    | X    |
| ET.13 - Creatividade   | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                                  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Hora de ler                                 | No centro adícase unha hora semanal á lectura libre. O Departamento fará recomendacións de lecturas adaptadas en portugués  |          |          |          |
| Xogos, exposicións, actividades e concursos | O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras. |          |          |          |
| Visita a Guimaraes e Braga                  | O Departamento organizará unha visita de un ou dous días para que o alumnado teña contacto coa lingua e culturas portuguesas.   |          |          |          |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Resultados de avaliación.   |
| Nivel de satisfacción do alumnado.  |
| Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. |
| Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.         |
| O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.            |
| Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos.                   |
| Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.   |
| Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.   |
| Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.                             |
| Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.                                       |
| Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.                                |
| Adecuación da secuencia de traballo na aula.  |
| Adecuación dos materiais didácticos utilizados.   |
| Adecuación do libro de texto.   |
| Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.               |
| Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA.                                 |
| Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc.         |

|   |
|---|
| Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación.         |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.                                    |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.                           |
| Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.                    |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.                 |
| Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.                   |
| Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA.                           |
| Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.                              |
| Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.                                |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos. |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.              |
| Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.                         |
| Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.  |
| Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.                         |

### Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado.
- b) Mellorar a formación docente.
- c) Reforzar as medidas de atención a diversidade.
- d) Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de

mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

- a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
- b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Lingua e Literatura Galega e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

- a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Portugués en cada curso.
- b) Os erros detectados recolleranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

### REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

### PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

### AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reajustes.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.



## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 36019475 | IES de Rodeira | Cangas   | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Educación física            | 2º ESO | 2                | 70             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 8             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 9             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 30            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 34            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 34            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 36            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 40            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 40            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 42            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 45            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 47            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 50            |
| 9. Outros apartados   | 51            |

## 1. Introducción

Programación didáctica para o curso 2º ESO.

Neste apartado convén tratar determinados aspectos que no resto do desenvolvemento desta programación non se especifican, entre eles os que a continuación se relacionan, así como outras circunstancias que as persoas responsables de elaborar a programación consideren oportuno sinalar:

1.- Nº de grupos deste nivel no centro: 3

2.- Características dos grupos:

- nº de alumnos/as 71

- nº de alumnos/as que permanecen un ano máis no mesmo curso: ¿?

- Alumnado con algunha enfermidade ou dado de alta no programa de Alerta escolar: ¿?

- Alumnado con algunha discapacidade: ¿?

- Alumnado exento da materia (poderán solicitar a exención da materia quen curse estes estudos e simultaneamente acredite ter a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento, ou ben realizar estudos das ensinanzas profesionais de Danza): ningún

- Alumnado susceptible de contar con medidas de atención á diversidade: ¿?

3.- Características das instalacións para desenvolver a materia nestes cursos:

- Características das instalacións e dispoñibilidade das mesmas:

Dispoñemos de pavillón polideportivo cuberto, pista exterior descuberta, e acceso directo as instalacións deportivas municipais da contorna.

A dispoñibilidade das mesmas é a tempo completo, incluídas as municipais nas que temos autorizado expresamente o seu uso

4.- Características da contorna:

O centro educativo está ubicado a pé de praia, na Praia de Rodeira, o que aporta un extraordinario entorno para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas, que empregamos con asiduidade.

5.- Lingua na que se imparte a materia en cada grupo: Castelán e Galego

### INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Actualmente, o concepto de “programación” está sendo claramente superado por un concepto de “deseño curricular” que supón a apertura a unha realidade moito máis ampla, complexa, e rica, sobre a práctica da educación. Este novo concepto, xa non se plantexa como “plan para a acción futura”, senón máis ben como o recoñecemento da importancia que teñen os procedementos que se encauzan a tratar de expoñer e xustificar as nosas prácticas educativas, e os seus supostos, e principios ou valores de partida.

Trátase dun tratamento curricular “baseado ou centrado na escola”, no que o verdadeiro interese radica no análise e provisión das condicións pertinentes para cambia-la práctica docente, tentando de mellora-la calidade e equidade dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, tomando como punto de partida a “comprensión” dos acontecementos da aula e o centro.

Sen dúbida, xa non se trata só de planifica-la materia, senón que se trata de achegarse ó “currículo real” que experimentan os alumnos, trascendendo as súas dimensións “oficial” e “manifesta”, para procura-la comprensión da auténtica realidade das aulas; aquí cobra unha importancia decisiva o “currículo oculto”, que só se pode detectar dende unha perspectiva reflexiva e crítica sobre a nosa labor docente.

Por outro lado, un enfoque de este tipo pon un énfasis especial no desenvolvemento profesional do docente, no protagonismo do alumnado, e na consideración da aula/centro coma escenarios idóneos para a investigación e a innovación. Dende esta perspectiva, o currículo da área non pode ser considerado como un instrumento para resolver problemas xa dados, sino que debe proporcionar recursos de análise sobre os problemas, argumentos para axudar a realizar eleccións e a tomar decisións con responsabilidade.

O modelo curricular que trato de defender, xa non pode ser un modelo de “obxectivos”, só pode ser un “modelo de proceso e de investigación”.

Algunhas das máis serias razóns para abandonar un modelo clásico de obxectivos, son as seguintes:

Os obxectivos valiosos de aprendizaxe, resultan difíciles de operativizar, de detectar, e comprobar.

Estos fins valiosos tan só poden ser detectados en certa medida ou ante determinadas continxencias, e sempre a longo prazo. Son sempre provisionais.

Unha exposición previa de obxetivos concretos, tende a desaproveitar ou minusvalorar oportunidades educativas imprevistas. Sempre resultan máis útiles e realistas, enunciados xerais en torno a metas amplias ou finalidades educativas compartidas.

Os obxetivos tenden a centrarse no comportamento do alumnado, obviando outras variables educativas de gran

importancia.

Plantexan claros problemas de medida.

En opinión de numerosos expertos e docentes, son antidemocráticos, ó especificar de antemán como a de ser o comportamento do alumnado.

Este modelo non reflicte realmente como conciben e desenvolven a ensinanza os docentes.

Consiste nunha planificación racional ou “a priori”, que non contempla a vida e a realidade da aula.

Resultan difíciles de formular coherentemente, e de xeito útil.

Plantexan evidentes problemas para a avaliación, especialmente a “formativa”.

Promoven unha ensinanza instructiva ou academicista.

Unha valiosa alternativa, actual, para este modelo tradicional, é o modelo ou enfoque de proceso-investigador. Vexamos as principais características do mesmo:

Trátase dun modelo crítico, que persigue a comprensión.

Se basa no xuicio do docente, e non na autoridade ou a dirección deste.

Plantexa o desenvolvemento curricular como investigación educativa, na que se parte de problemas e non de solucións anticipadas; non busca ter razón sinon ser competente.

Na avaliación, o docente non é só calificador, senón ademais é crítico, e non só có alumnado; supón ademais a preparación do alumno para a autoavaliación.

Os principios de procedemento do ensino, son sempre provisionais e abertos a debate e crítica. Sempre problemáticos.

A avaliación guía ó currículo, en vez de seguilo.

Incertidume, variabilidade e diversidade da educación, aconsellan un enfoque investigador ou exploratorio-indagador, non normativo.

Baseado nun ciclo ou espiral contínua de reflexión-acción-reflexión...

Se fundamenta na verificabilidade situacional

Promove, como ningún outro modelo, o desenvolvemento profesional docente.

Céntrase en “contidos educativos” e “entornos de aprendizaxe”.

Apuntarei, a continuación, os principios e supostos nos que se fundamenta esta proposta curricular:

Participación do alumnado na toma de decisións curriculares.

Apertura á participación das familias dos alumnos.

Avaliación continua, centrada no proceso, e formativa. Con acceso dos alumnos a súa marcha no trimestre sempre có desexen. Potenciación da autoavaliación, e da reflexión individual e grupal no alumnado.

Enfoque ecolóxico, orientado á aplicación do tempo de lecer dos alumnos, ó coñecemento do entorno, ós recursos da comunidade educativa e socioculturais, ós condicionantes contextuais e vitais dos alumnos.

Proceso de investigación-acción, e de reflexión crítica sobre a propia práctica.

Directamente relacionada coa “avaliación de diagnóstico”

Fomento das NTIC, das tac, e do traballo cooperativo en equipo.

Formación en competencias básicas.

Contribución dende a materia ao “plan lector do centro”.

Educación en valores democráticos como fundamento da convivencia, e do clima de aula.

Actividades culturais con peso específico no currículo.

Incorporación da interdisciplinariedade, e transversalidade.

Teoría constructivista da aprendizaxe.

Perspectiva globalizada e integral do ensino.

Materia de e. Física, como espazo para a educación e a diversión.

Espazo de socialización.

Principio de “negociación” para alcanzar unha xestión compartida.

Importancia decisiva da “titoría de materia”: primacía da dimensión educativa da mesma.

## **2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias**

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC  | CE  | CCEC    |
|---|-----|----|------|----|-------|-----|-----|---------|
| OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.   | 3   |    | 2-5  | 4  | 2-4   |     |     |         |
| OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos. |     |    |      |    | 4-5   |     | 2-3 |         |
| OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.           | 5   | 3  |      |    | 1-3-5 | 3   |     |         |
| OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.   |     | 3  |      |    |       | 2-3 |     | 1-2-3-4 |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE  | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-----|------|
| OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano. |     |    | 5    |    |       | 4  | 1-3 |      |

### Descrición:

## COMPETENCIAS CLAVE OPERATIVIDADE NA MATERIA

Estas poden considerarse como aquelas aprendizaxes, imprescindibles dende un prantexamento integrador, orientadas á aplicación dos saberes adquiridos a múltiples situacións e contextos, escolares e vitais dos alumnos. Aprendizaxes que deben acadar éstos ó remate das etapas educativas, para a súa realización personal, para exercer a cidadanía activa, incorporarse axeitadamente á vida adulta, e para ser capaces de desenvolver unha aprendizaxe permanente ó longo de toda a vida.

Estabrécese ademáis que todas as materias deben contribuir o desenvolvemento e consolidación destas competencias, posto que esto só será posible dende un tratamento multidisciplinar e transversal das mesmas. Na materia de Educación Física éstas competencias se articulan, desenvolven e operativizan, a través da “competencia motriz”. Competencia clave, fundamental e integradora, de todas as demáis, na nosa materia.

Por outra banda, dende unha perspectiva profesional, estas competencias, xunto cós criterios de avaliación, e as metas e finalidades, constituirán os referentes fundamentais para a avaliación formativa do alumnado.

A organización da contribución da área de E. Física á consecución destas competencias, artículase así:

#### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL) E COMPETENCIA PLURILINGUE (CP)

1. Ofrecendo ó alumnado unha variedade de intercambios comunicativos e enriquecendo a capacidade comunicativa por diferentes linguaxes
2. Ampliando a súa bagaxe linguística con expresións, conceptos, e vocabulario, específicos da materia.
3. Dende a contribución ao plan lector do centro (“hora de lectura”), ou de fomento da lectura, con materiais e contidos específicos para a nosa materia
4. Dotenciando nas sesións a comunicación horizontal e aberta, favorecendo a expresión, oral e escrita, de puntos de vista personais, en debates, na negociación e a coxestión de proxectos e unidades didácticas, etc... Empregando diferentes idiomas.

#### 5. Nos traballos dos alumnos (posible formato dixital)

#### COMPETENCIA MATEMÁTICA, E COMPETENCIA CIENTÍFICA EN TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA (STEM)

1. Traballo e control, na dimensión cuantitativa no espazo e no tempo; nas distancias e traxectorias, nas dimensións, nas duracións dos acontecementos, nos ritmos, no control das pulsacións, no propio corpo
2. Dende a utilización subsidiaria de múltiples cálculos matemáticos, con fins específicos da nosa materia
3. Propiciando aprendizaxes para afrontar e superar múltiples retos e problemas motores, en múltiples situacións e contextos
4. Tratamento da saúde non só como a promoción de hábitos saudables, e como prevención; sino tamén como a esixencia dun continuo axuste corporal ás condicións do entorno, e ós seus cambios
5. Organización e adaptación da práctica da actividade física ó noso entorno, natural e escolar
6. Fomentando un enfoque educativo e ecolóxico, nas actividades físicas e deportivas que practicamos no medio natural
7. Garantindo a seguridade nestas actividades no medio natural, a través do coñecemento das técnicas e procedementos, riscos a controlar, elementos materiais a empregar,...
8. Promovendo a autonomía dos alumnos para ó propio mantemento e mellora da súa condición física
9. Formación no uso axeitado da tecnoloxía dispoñible no campo da actividade física e o deporte

#### COMPETENCIA DIXITAL (CD)

1. Promovendo e orientando as aprendizaxes para a búsqueda, o acceso, a selección, o tratamento, e a comunicación

da información, tanto nas NTIC, como nos medios clásicos. Situando ós alumnos en posición de comunicadores críticos, e non simplemente receptores das novas tecnoloxías

2. No traballo cas NTIC, e nas TAC, para a produción dos traballos solicitados

3. Na formación dos alumnos no tratamento e edición de “documentos multimedia” nas tarefas da materia

4. Formación nun espírito crítico e reflexivo ante a Sociedade da Información e da Comunicación

COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER (CPSAA) E COMPETENCIA CIDADÁ (CSC)

1. Artellando a actividade física como facilitadora da integración, o respecto, a cooperación, a participación, o interese, a igualdade e a non discriminación, e o traballo en equipo

2. Orientando as propostas e o desenvolvemento curriculares, e a súa práctica, co enfoque educativo proposto, centrado en “proxectos comúns, negociados e compartidos, e coxestionados, seguindo as pautas, normas, e valores democráticos, e os valores deportivos recoñecidos

3. Formación para: “aprender a ser”, “aprender a pensar”, “aprender a facer”, “aprender a convivir”, e en definitiva, “aprender a aprender”, como tratamento transversal a todas as actividades da “aula de E. F.”

4. Empregando a sesión de E. F. como un espazo de socialización onde “entrenar” valores, principios, dereitos e deberes, responsabilidades, iniciativas, e a resolución dialogado dos conflitos

5. Contribuíndo ó dereito cidadán á saúde, como promoción da actividade física, versus a inactividade; como factor de prevención; e como formación de hábitos saudables duradeiros para toda a vida

6. Formación nun espírito crítico e reflexivo ante a realidade social e cultural; tamén, a deportiva e as súas claves actuáis

7. Aprender a organizarse, e a resolver problemas motores autónomamente

8. Desenvolver habilidades para o traballo e a aprendizaxe en equipo

9. Capacidade de transferencia das aprendizaxes a novos contextos e situacións

10. Enfoque exploratorio e investigador da proposta curricular, trasladado á acción do alumno, nas tarefas teóricas e prácticas da materia

11. Autonomía para a propia planificación física e deportiva, cara a mellora personal e grupal, configurándose como xestor, e participante activo ao longo de toda a vida

12. Contribución a unha mellor organización, e máis positiva ocupación, do tempo de lecer, e á ampliación das súas posibilidades

13. Axudar ao alumnado a entender a educación persoal e o aprendizaxe, como un proceso contínuo ao longo de toda a vida

COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURÁIS (CCEC)

1. Comprensión da actividade física e deportiva como parte dunha cultura e contexto concretos; como resultado dun proceso histórico e cultural que se nos lega como patrimonio de todos, e que é necesario coñecer, analizar criticamente, e preservar ou mellorar/modificar

2. Actitude aberta e crítica, ante o deporte como espectáculo

3. Propiciar unha perspectiva intercultural da E.F., que valore a riqueza da diversidade cultural

4. Uso da actividade físico-deportiva, como realidade e posibilidade artística-creativa, explorando os recursos expresivos do corpo e o movemento, e valorando os aspectos estéticos das posibilidades e manifestacións da motricidade humana

5. Desenvolvemento específico na materia, das habilidades perceptivas, comunicativas, e creativas

6. Contribución a conservación e transmisión do noso patrimonio artístico e cultural galego (xogos e deportes tradicionais, populares e autóctonos, bailes e danzas,...)

COMPETENCIA EMPRENDEDORA (CE)

1. Modos de interacción social, clima de aula, e principios metodolóxicos que propician a autonomía e as iniciativas, personais e grupais

2. Formación en “principios de procedemento” para afrontar os retos, e os problemas motores, empregando a planificación e a experimentación, o esforzo, a autosuperación, a perseverancia, e unha actitude positiva ante a dificultade, e o resultado obtido

3. Importancia decisiva da autoavaliación, e da reflexión personal e grupal do alumnado sobre a realidade vital da aula de E. F.

4. Convertir ó alumnado en protagonista, tamén nos aspectos organizativos das actividades, específicas e complementarias, da materia



### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                             | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | AMPLIAMOS PAS                      | Pautas básicas de primeiros auxilios. PAS, 112, SVB.  | 3              | 2          | X        |          |          |
| 2  | SEMPRE QUENTAMOS                   | Unidade didáctica para tratar contidos relativos fundamentalmente ao Bloque 1 (Vida activa e saudable) e así afianzar as bases da estrutura da sesión de clase.   | 6              | 4          | X        |          |          |
| 3  | COIDO O MEU CORPO                  | Esta U.D. trátase dunha unidade disciplinar monotemática baseada nos aspectos condicionais da capacidade motriz. Trátase duns contidos básicos na nosa área de cara a lograr un desenvolvemento motriz elemental sobre o que asentaremos as futuras actuacións polo que nos centraremos en dúas das cualidades físicas básicas (forza e flexibilidade), no quecemento como medio básico iniciador e propedéutico de calquera actividade física e no cálculo da FC (ou outros-reloxos dixitais, etc...) como medio de control do adestramento e da intensidade do esforzo. | 17             | 12         | X        |          |          |
| 4  | OS XOGOS POPULARES                 | Unidade para tratar a través do xogo contidos fundamentais da materia. Aproveitaremos para tocar aspectos de autoconstrución de materiais e así relacionar esta dinámica con contidos de consumo responsable. O xogo tamén entendido como medio de transmisión cultural e de valores tradicionais e propios de Galiza e outras rexións ou países.   | 9              | 6          |          |          | X        |
| 5  | INICIAMONOS NUN DEPORTE INDIVIDUAL | Unidade para iniciar ao alumnado nun deporte individual no que a resolución de problemas en situacións motrices e o establecemento de retos individuais e colectivos cobrarán protagonismo. A proposta para esta unidade pode ser o ATLETISMO.  | 17             | 12         |          | X        |          |
| 6  | PROBAMOS UN DEPORTE ALTERNATIVO    | Unidade para tratar a través do deporte alternativo contidos fundamentais da materia. Aproveitaremos para tocar aspectos de autoconstrución de materiais e así relacionar esta dinámica con contidos de consumo responsable. A proposta para esta unidade pode ser o ULTIMATE.  | 7              | 5          | X        | X        |          |
| 7  | DANZAMOS E BAILAMOS                | A danza como actividade xogada e medio de expresión corporal. Emprego dos recursos expresivos do corpo e do movemento para comunicar sensacións, ideas, estados de ánimo... Danzas do mundo e autóctonas.   | 10             | 7          |          | X        |          |

| UD | Título                           | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 7  | DANZAMOS E BILAMOS               | Traballo de técnicas de interpretación e as actividades rítmico-musicais   | 10             | 7          |          | X        |          |
| 8  | PRACTICAMOS UN DEPORTE COLECTIVO | Unidade para iniciar ao alumnado nun deporte colectivo e diferente ao tratado no curso anterior. A alternativa ben pode ser Floorball ou hockey modificado. O deporte colectivo como medio para traballar a resolución de problemas e a interacción social en situacións motrices. | 14             | 10         |          | X        | X        |
| 9  | DESCUBRIMOS OUTROS ESPAZOS       | Exploración e coñecemento de novos espazos como alternativa sostible para a práctica da actividade física. Actividades no medio natural e urbano, normas viarias, o uso da bicicleta., etc...  | 6              | 4          |          |          | X        |
| 10 | XOGAMOS CON PALAS E RAQUETAS     | Unidade para iniciar ao alumnado nun deporte individual con implemento, ben pode ser con palas ou raquetas, no que traballarase a resolución de problemas en situacións motrices<br>A proposta para esta unidade é a práctica dun xogo deporte con palas.                          | 11             | 8          |          | X        | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD  | Duración |
|----|---------------|----------|
| 1  | AMPLIAMOS PAS | 2        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.2.1. - Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.                          | Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividade, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.       | TI | 100 |
| CA2.2 - Coñecer e actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física, aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.   | Coñecer e actuar de acordo cos protocolos de intervención na práctica de actividade física, aplicando medidas básicas de primeiros auxilios  |    |     |
| CA2.6 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica das actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.  | Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas aplicándoas na práctica das actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar   |    |     |
| CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente. | Adoptar con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente. |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|-------------------------------|-----------|----------|
| CA1.2 - Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable. |                               | Baleiro   | 0        |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica de actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.</li> </ul> </li> <li>- Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Conduto PAS (protexer, avisar, socorrer), protocolo 112 e soporte vital básico (SVB).</li> </ul> </li> <li>- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura.</li> <li>- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2         | SEMPRE QUENTAMOS    | 4               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.2.1. - Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.                          | Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividade, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable. |           |          |
| CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente. | Adoptar responsablemente e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes da práctica física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.  | TI        | 100      |
| CA1.4 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.  | Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, evitando activamente a súa reprodución                                       |           |          |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA      | % |
|---|--|---------|---|
| CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo situacións de risco para actuar preventivamente.  | Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes da práctica de actividade física, recoñecendo situacións de risco para actuar preventivamente           |         |   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e da capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.</li> <li>- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.</li> <li>- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.</li> <li>- Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social.</li> <li>- Funcións de arbitraje deportiva.</li> <li>- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.</li> <li>- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego, análise crítica.</li> <li>- Igualdade de xénero nas profesións asociadas ao deporte.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>        | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------------|-----------------|
| 9         | DESCUBRIMOS OUTROS ESPAZOS | 4               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.2.1. - Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.                          | Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividade, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.       | TI        | 100      |
| CA2.3 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.   | Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física.  |           |          |
| CA2.6 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica das actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.  | Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas aplicándoas na práctica das actividades motrices, fóra do centro escolar  |           |          |
| CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente. | Adoptar con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente. |           |          |
| CA6.2 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.                                    | Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.    |           |          |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA      | % |
|---|---|---------|---|
| CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.   | Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais,, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica. |         |   |
| CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.  | Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.  |         |   |
| CA1.2 - Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable. |   | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica de actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios.</li> <li>- Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcebidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas.</li> <li>- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.</li> </ul> </li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.</li> </ul> </li> <li>- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura.</li> <li>- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.</li> <li>- Novos espazos e prácticas deportivas.</li> <li>- Utilización de espazos urbanos e naturais desde a motricidade.</li> <li>- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.</li> <li>- Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano.</li> <li>- Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.</li> </ul> |

| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 10 | XOGAMOS CON PALAS E RAQUETAS | 8        |

| Cráterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA1.2.1. - Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.  | Incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividade, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.      | TI | 100 |
| CA1.4 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.  | Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, evitando activamente a súa reprodución  |    |     |
| CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo situacións de risco para actuar preventivamente.   | Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a práctica de actividade física, recoñecendo situacións de risco para actuar preventivamente   |    |     |
| CA2.3 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.   | Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito do deporte  |    |     |
| CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.   | Desenvolver proxectos motores de carácter individual, establecendo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado para reconducir os procesos de traballo, .           |    |     |
| CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.   | Desenvolver proxectos motores de carácter individual, establecendo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso como do resultado para reconducir os procesos de traballo, .           |    |     |
| CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos. | Actuar aplicando principios de toma de decisións en actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da persoa opoñente e á lóxica interna da actividade. |    |     |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA      | % |
|---|---|---------|---|
| CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.  | Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir diferentes roles.            |         |   |
| CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais. | Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, respetando o propio corpo e o dos demais.     |         |   |
| CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.  | Analizar as diferentes modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade e comportamentos sexistas vinculados ás mesmas |         |   |
| CA1.2 - Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.   |   | Baleiro | 0 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo.</li> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica de actividade física e deportiva.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.</li> <li>- A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios.</li> <li>- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.</li> </ul> </li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecemento de mecanismos de autoavaliación para reconducir os procesos de traballo.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.</li> </ul> </li> <li>- Toma de decisións:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.</li> </ul> </li> </ul> |

## Contidos

- Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.
- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.
- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.
- Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social.
- Funcións de arbitraje deportiva.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego, análise crítica.
- Igualdade de xénero nas profesións asociadas ao deporte.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A Educación Física na educación secundaria ten un carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar a actividade física efectiva do alumnado.

Os diferentes modelos pedagóxicos constitúen unha ferramenta para materializar un desenvolvemento competencial, polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

As situacións de aprendizaxe integran procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave, enfocándose desde diferentes perspectivas, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

A metodoloxía exposta caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva.

A continuación, abordamos a proposta metodolóxica a través dalgúns dos seus elementos, como son os estilos de ensino, a organización espazo-temporal, o coñecemento dos resultados/execución, as actividades, a estratexia na práctica e as rutinas.

#### 1. ESTILOS DE ENSINO

Os estilos de ensino móstrannos como se desenvolve a interacción profesor-alumnado no proceso de toma de decisións, e definen o papel de cada un nese proceso.

Na relación ensino-aprendizaxe non se pode considerar que un estilo sexa mellor que outro, xa que ningún deles aseguranos a consecución de todos os obxectivos a traballar na E.F.

Polo tanto, partindo da idea de que non existe un estilo de ensino ideal, chegamos á conclusión de que cada un ten un carácter propio que permite alcanzar obxectivos secundarios específicos deste.

Chegado o momento de decidirse por un determinado estilo de ensino, a súa selección farase en función de cal sexa o máis apropiado para a ensino-aprendizaxe dunha tarefa determinada. Así para as aprendizaxes técnicas e doutros contidos de similares características, utilizaremos estilos máis directivos; mentres que para aprendizaxes tácticas, de expresión corporal, e outros de similares características fomentaremos a creatividade a través de estilos baseados no descubrimento.

Darase o caso de que nunha mesma sesión se varíen os estilos de ensino utilizados dependendo de cada tarefa.

#### 2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

##### AGRUPAMENTOS

En canto aos agrupamentos, a súa determinación viranos determinada polas tarefas que desenvolvamos. En principio, contemplamos a utilización de todo tipo de agrupamentos, dende o traballo individual (se é que se pode

considerar como un agrupamento) xa que permite a individualización do ensino para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado; ata o traballo en grupo clase, cando a importancia do contido o requira xa que favorecen o proceso de socialización, melloran as relacións persoais, o coñecemento mutuo, o respecto polos demais, tolerar os distintos puntos de vista e dominio motriz e melloran o rendemento. Pasando polo traballo por parellas, tríos e en pequeno grupo cando a actividade busque desenvolver a cohesión do grupo, así como a aprendizaxe de habilidades técnicas, entre outras.

#### UTILIZACIÓN DE ESPAZOS

Para levar a cabo as nosas intencións educativas non reduciremos o noso espazo de actuación á aula e ás instalacións deportivas que se nos asignen, senón que espremeremos ao máximo a utilización dos espazos dispoñibles no centro, co ánimo de descontextualizar o ensino da E.F. das instalacións deportivas, dando a entender ao alumnado a virtualidade do reduccionismo ao que se adoita someter á nosa materia, circunscribindoa unicamente aos espazos "tradicionais". Por exemplo, para a realización de traballos en grupo de revisión bibliográfica, poderemos empregar a biblioteca do centro. Cando a busca de información requira un ámbito maior podemos utilizar a aula de informática para realizar buscas en internet e descubrir o tratamento que se lle dá á materia na rede. Por último tamén podemos utilizar a aula de informática para presentar ao alumnado aplicacións e ferramentas interactivas de autoavaliación da condición física e de adestramento que xa veñen implementadas en soporte informático.

#### OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE

Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razoable para practicar a devandita actividade un número suficiente de veces.

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas para tal efecto, que a saber son:

Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estanza no vestiario.

Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compañeiro/a.

b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.

d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

### 3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

A progresión ao longo das etapas educativas debe ir dende un Coñecemento dos Resultados Extrínseco cara a un cada vez máis Intrínseco.

Nesta proposta de Programación, o Coñecemento dos Resultados abranguerá, en función do momento, tres tipos. Así, en certos contidos, como por exemplo os contidos máis técnicos, trataremos de utilizar o Coñecemento dos



Resultados Concorrente. Tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procuraremos que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción.

Naquelas situacións, nas que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizaremos o Coñecemento dos Resultados Inmediato. Nun principio, mediante unha transmisión verbal, e sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual.

E por último, trataremos de aumentar o protagonismo do Coñecemento dos Resultados Intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa. Este Coñecemento dos Resultados Diferido, é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na Busca, preténdese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

#### 4. ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretendemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

#### 5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

#### 6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

Cambio de Roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

Hábitos Hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 15 minutos da sesión.

Recollida do Material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

## ESQUEMA DE SESIÓN “DOBLE” DE EDUCACIÓN FÍSICA

Acceso ó pavillón deportivo, e cambio de roupa no vestiario: 5'

Presentación da sesión, e Aspectos Teóricos: 10'

Quecemento, xeral ou específico: 15'

Actividades introductorias, e Contidos centrais da sesión: 50'  
Flexibilidade e Relaxación (volta a calma): 5'  
Ducha / aseo básico: 15'/5'

## • CLIMA DE AULA EN EDUCACIÓN FÍSICA

Equipación deportiva apropiada

Música de fondo (se non se comparte pista)

Ambiente positivo: clima “educativo, deportivo, e de ocio e deleite” Valores democráticos como fundamento da convivencia

Comunicación alumnos-profesor, sempre aberta

Asistencia e participación

Esfuerzo

Interese

Autonomía, iniciativa, emprendemento, e responsabilidade

Respecto as persoas, as cousas e o entorno social e natural

Colaboración e cooperación

Cumprimento das normas básicas de convivencia no centro, e específicas do Departamento de E. Física

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Tomando como referentes imprescindibles para a planificación no campo metodolóxico, o modelo enfoque de proceso-investigador (coas súas características, supostos de partida, e principios metodolóxicos), xa mencionado no apartado de “introducción e contextualización da programación” desta proposta curricular, os principios de procedemento, técnicas, e estratexias que se aplican a nivel metodolóxico son:

- aprendizaxe significativa
- globalidade
- atención personalizada
- autonomía, emprendemento e iniciativa personal, e responsabilidade do alumno
- traballo cooperativo en equipo
- constructivismo da aprendizaxe
- reflexión crítica sobre a propia acción, e a dos demais
- metodoloxía de proxectos como organización de base
- fomento de creatividade e a capacidade expresiva, por diversas linguaxes
- uso positivo da competitividade
- colaboración alumnos-profesor a través dunha comunicación aberta e horizontal
- método: circuitos
- método: formas xogadas
- método: asignación de tarefas
- método: resolución de problemas
- método: aprendizaxe na búsqueda
- fomento da autoavaliación reflexiva, oral e por escrito, nos alumnos; así como a avaliación dos procesos e o

profesor, por parte de éstos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso. |
| Libro de texto ou material complementario.   |
| Edixgal. Aula virtual/moodle. e cursos dispoñibles na aula.                                  |
| Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe.                                   |
| Redes sociais, aplicacións.  |
| Material bibliográfico no departamento, biblioteca, outras dependencias do centro, etc...    |

Neste apartado convén especificar os materias e recursos didácticos cos que conta a persoa docente para desenvolver a programación. Proponse unha serie de recursos que cada docente pode ampliar, suprimir ou ben engadir outros cos que conte para levar a cabo a programación didáctica.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

# AVALIACIÓN INICIAL (PROCEDIMENTO E INSTRUMENTOS)

- “BATERÍA ALFA/PLAN DAFIS”: batería de tests para a valoración da condición física saudable.
- LISTAS DE CONTROL do “traballo de aula”, da “hixiene persoal”, durante o mes previo a celebración da avaliación
- RÚBRICA DE ACTITUDES E VALORES E RÚBRICA DE COMPETENCIA DE XOGO E FÍSICO-DEPORTIVA. (Válidas para todo o curso)

RÚBRICA VALORES E ACTITUDES 60%

**PARTICIPACIÓN, ESFORZO**

PESO : 20%\_0,4x Ítem

5. O alumno/a se esforza de maneira sobresainte a diario

4. O alumno/a se esforza adecuadamente a diario

3. O alumno/a e irregular no seu esforzo diario

2. O alumno/a abandona ou nega as actividades programadas algunhas veces

1. O alumno/a abandona ou nega as actividades programadas con regularidade

#### ASISTENCIA

PESO : 10%\_0,2x Ítem

(media con Puntualidade)

5. Asiste sempre á clase e realiza a práctica programada

4. Non asiste ou non pode realizar a práctica por causa xustificada realizando a tarefa indicada polo profesor adaptada ao seu caso

3. Non xustifica a ausencia ou realización da práctica e realiza a tarefa indicada polo profesor adaptada ao seu caso

2. Non xustifica a ausencia ou realización da práctica ata 2 sesións e non realiza a tarefa indicada polo profesor

1. Non xustifica a ausencia ou realización da práctica ata 4 sesións e non realiza a tarefa indicada polo profesor

#### PUNTUALIDADE

PESO : 10%\_0,2x Ítem

(media con Asistencia)

5. Esta preparado para empezar a clase sempre aos 5 minutos do cambio de clase

4. Contabiliza 1 ou 2 retrasos no trimestre

3. Contabiliza 3 ou 4 retrasos no trimestre

2. Contabiliza máis de 5 retrasos no trimestre

1. Chega con retraso á clase habitualmente sen xustificación razoable

#### HIXIENE

PESO : 10%\_0,2x Ítem

5. O alumno/a dúchase a diario ao rematar as sesións prácticas

4. O alumno/a cambiase de roupa e realiza un aseo básico a diario

3. O alumno/a cambia a camiseta e realiza un aseo básico a diario

2. O alumno/a non se cambia nin asea

1. O alumno/a non se cambia nin se asea con frecuencia e ademais vai co suor para clase seguinte

#### COLABORACIÓN CÓ PROFESOR

PESO : 5%\_0,1x Ítem

5. O alumno/a ofrécese voluntariamente a diario para colaborar co profesor

4. O alumno/a ofrécese ás veces para colaborar co profesor

3. O alumno/a algunha vez ofrécese (1 ou 2) para axudar ao profesor

2. Non se ofreceu nunca á colaborar co profesor

1. Á petición do profesor móstrase remiso á colaboración, podendo non facela

#### ACTITUDE CÓ ALUMNADO

PESO : 10%\_0,2x Ítem

5. O alumno/a ademais de respecto, axuda aos compañeiros/as na execución das tarefas habitualmente

4. O alumno/a respecta aos compañeiros pero os axuda con pouca regularidade

3. O alumno/a respecta aos compañeiros pero ten comportamentos egoístas nas

actividades propostas tratando de ser o protagonista

2. Existe certa falta de respecto polos compañeiros/as na execución das actividades

1. O alumno/a constantemente "pica" ou "insulta" aos compañeiros durante a práctica

**MATERIAL E INSTALACIÓNS**

PESO : 5%\_0,1x Ítem

5. Cuida o material propio, do centro e dos compañeiros e colabora na recollida con frecuencia

4. Cuida o material propio, do centro e dos compañeiros e colabora na recollida algunhas veces

3. Cuida o material propio, do centro e dos compañeiros e non colabora coa recollida a miúdo

2. Maltrata ou usa o material de forma incorrecta algunhas veces

1. Maltrata ou usa o material de forma incorrecta moitas veces

**RÚBRICA NIVEL DE XOGO E COMPETENCIA DEPORTIVA 30%**

3. Ademais de todo o anterior fai unha XESTIÓN positiva do xogo do grupo/equipo cun talante INCLUSIVO

2,5. Presenta un importante DOMINIO persoal e de CONTROL do xogo

2. Desenvolve estratexias e TÁCTICA, axeitadas, de xogo tanto en ataque como en defensa

1,5. Amosa un bo dominio a nivel TÉCNICO do xogo

1. Participa a nivel FÍSICO, tentando formar parte do xogo do equipo

0,5. O alumnado abandona, DESISTE ou negase e se esconde nas actividades programadas

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1     | UD 2     | UD 3      | UD 4     | UD 5      | UD 6     | UD 7      | UD 8      | UD 9     | UD 10     |
|-----------------------------|----------|----------|-----------|----------|-----------|----------|-----------|-----------|----------|-----------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>3</b> | <b>6</b> | <b>17</b> | <b>9</b> | <b>17</b> | <b>7</b> | <b>10</b> | <b>14</b> | <b>6</b> | <b>11</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 0        | 0        | 0         | 10       | 0         | 0        | 0         | 0         | 0        | 0         |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 100      | 100      | 100       | 90       | 100       | 100      | 100       | 100       | 100      | 100       |

| Unidade didáctica           | Total      |
|-----------------------------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | <b>1</b>   |
| <b>Táboa de indicadores</b> | <b>99</b>  |

### **Criterios de cualificación:**

A Programación Didáctica consta de 10 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2, 3 e 4 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 35%; a 5, 6, e 7 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 34%, e a 8, 9 e 10 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 31%. No número de sesións asignado a cada UD contémplanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación previa á avaliación final da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .75 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO NO ENSINO PRESENCIAL**

A nota dos alumnos, en cada trimestre, está exposta nas táboas de concreción dos contidos e, a modo de resumo, por ser a porcentaxe da maioría dos contidos, podemos dicir que inclúe a suma da puntuación obtida nos 3 apartados seguintes:

TRABALLO DE AULA (REXISTROS ANECDÓTICOS)

- puntuación entre 0-6 puntos
- Criterios:
  1. Participación e esforzo
  1. Asistencia e puntualidade
  1. Hábitos de hixiene e indumentaria
  1. Colaboración e respecto co profesor
  1. Actitude co resto do alumnado
  1. Cuidado do material
- CÁLCULO: RÚBRICA

## 2 COMPETENCIA MOTRIZ

- Puntuación entre 0-3 puntos
- Cálculo= (media das probas e tests) RÚBRICA

## 3 RENDEMENTO NAS PROBAS TEÓRICAS

- puntuación entre 0-1 puntos
- Cálculo= media das probas e tests ou traballos

O mínimo esixible para conseguir unha avaliación positiva será obter como mínimo unha nota de 4,75 entre todos os apartados solicitados.

### **Criterios de recuperación:**

Para recuperar as UU.DD. non superadas: Rematada a UD propórase ao alumnado que non a superou actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas polo profesorado en sesións de tutoría previa cita. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste último caso a UD darase por superada. Para recuperar a avaliación trimestral: O alumnado deberá recuperar so as UU.DD. que non teña superadas. O profesorado proporá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas en sesións de tutoría previa cita. Segundo as circunstancias poderanse propor ao alumnado a realización de probas escritas. Para superar a avaliación final: Ao alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, recibirá un plan de recuperación e realizará as

actividades propostas no período que vai dende a avaliación previa á avaliación final ata a avaliación final. Esas actividades serán avaliadas e cualificadas por observación directa do profesorado. Transcorrido este período, o alumnado que non recuperou algunha avaliación trimestral, deberá superar nunha proba final extraordinaria os mínimos de consecución non superados. A proba será preferentemente práctica, aínda que para superar algún dos contidos poderanse propor probas escritas. Para mellorar a nota na avaliación final: O alumnado que desexa mellorar a súa cualificación, recibirá un plan de mellora. Neste plan priorizaranse os contidos con peor cualificación ou non superados nas diferentes UDD. As actividades propostas serán acordadas entre a persoa docente e o alumnado. No caso de que o alumnado supere as actividades de reforzo propostas no plan, incrementarase a súa cualificación nas UU.DD. correspondentes e calcularase de novo a cualificación final da materia. O alumnado que se acolla a esta opción poderá incrementar a nota ata X puntos.

## ALUMNADO EXENTO DA PARTE PRÁCTICA (XUSTIFICADO CON CERTIFICADO MÉDICO OFICIAL)

O alumnado será informado dos criterios de cualificación que lle corresponden ser aplicados.

- 20% Traballo na aula: Colaboracións co profesorado, compañeiros/as e o material, atención e interese. Actividades adaptadas á situación partidular do alumnado.

A impuntualidade inxustificada así como as falta de asistencia sen xustificar veranxe reflectidas na nota ao implicar falta de realización de actividades puntuables durante o desenvolvemento da sesión.

- 80% parte teórica: O profesorado poderá optar en cada curso por unha das 3 opcións:

a) Exame dos contidos conceptuais das unidades didácticas impartidas.

b) Traballo. Pode ser traballo teórico e exposición do mesmo (valorados na mesma medida), e/ou traballos de tipo práctico coma arbitaxes, organización de campionatos...

Os traballos requeridos poden ser sobre contidos diferentes dos programados para o seu curso, estarán adaptados ás posibilidades do alumnado e terán en conta o informe do certificado médico oficial.

c) Ambas. Neste caso cada parte valorarase por igual (40%), sendo necesario aprobar ambas partes para facer a media.

## ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

Defendemos o principio de progresividade da materia de educación física. Deste xeito os alumnos con E. física pendente, aprobarán, se conseguen aprobar o nivel actual.

De non ir superando a materia en cada trimestre deberá presentarse a unha proba en xuño. Esta consistirá na presentación dun traballo teórico - práctico sobre aspectos relacionados cos contidos esixidos no curso no que ten pendente a materia. E se terá en conta o plan de recuperación de materia pendente establecido no curso anterior.

## ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Dado o enfoque prioritariamente educativo, que non instructivo, que se pretende, resulta evidente pensar, e a experiencia docente así o demostra, co fracaso do alumnado é pouco probable e cando éste se produce, polo xeral, obedece a razóns de orde actitudinal ou comportamental.

De darse esta situación as medidas de recuperación básicas serán o diálogo e a negociación co alumnado implicado, coa intención de reconducir a situación e responsabilizalo alumno no propio cambio. Procederáse en estos casos a un "seguimento personalizado" e un "asesoramento continuado".

Asímesmo, é prioritario manter aberta a canle de contacto e comunicación co titor, e a familia do alumno.

No caso de non ser posible acadar unha solución satisfactoria, ou de que a avaliación negativa esté causada por non superar os obxectivos de UD, o alumno deberá realizar como actividades de recuperación a presentación de partes do traballo teórico - práctico indicado sobre aspectos relacionados cos contidos esixidos no curso no que ten pendente a materia até telo completado como máximo no día da realización da proba de xuño.



### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de 2º ESO que fora promocionado desde o curso anterior coa materia sen superar deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia do alumno ou alumna, e baixo as directrices deste departamento didáctico, así como co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo entregárase a cada alumno ou alumna coa materia pendente ao longo do mes de setembro, unha vez iniciado o curso e terá que conter a seguinte información:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

#### ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

Defendemos o principio de progresividade da materia de educación física. Deste xeito os alumnos con E. física pendente, aprobarán, se conseguen aprobar o nivel actual.

De non ir superando a materia en cada trimestre deberá presentarse a unha proba en xuño. Esta consistirá na presentación dun traballo teórico - práctico sobre aspectos relacionados cos contidos esixidos no curso no que ten pendente a materia. E se terá en conta o plan de recuperación de materia pendente establecido no curso anterior.

#### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Dado o enfoque prioritariamente educativo, que non instructivo, que se pretende, resulta evidente pensar, e a experiencia docente así o demostra, co fracaso do alumnado é pouco probable e cando éste se produce, polo xeral, obedece a razóns de orde actitudinal ou comportamental.

De darse esta situación as medidas de recuperación básicas serán o diálogo e a negociación co alumnado implicado, coa intención de reconducir a situación e responsabilizalo alumno no propio cambio. Procederáse en estos casos a un "seguimento personalizado" e un "asesoramento continuado".

Asímesmo, é prioritario manter aberta a canle de contacto e comunicación co titor, e a familia do alumno.

No caso de non ser posible acadar unha solución satisfactoria, ou de que a avaliación negativa esté causada por non superar os obxectivos de UD, o alumno deberá realizar como actividades de recuperación a presentación de partes do traballo teórico - práctico indicado sobre aspectos relacionados cos contidos esixidos no curso no que ten pendente a materia até telo completado como máximo no día da realización da proba de xuño.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos

contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaráselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

As principais medidas, ordinarias(O) ou extraordinarias(E), de atención a diversidade que se utilizan son as seguintes:

- (E) atención personalizada ás necesidades educativas especiais: programas específicos personalizados para “repetidores” con dificultades non comportamentais ou actitudinais; ACI; medidas de Apoio polo Dep. de Orientación; programas de Reforzo Educativo; desdobre de grupos;...
- traballo autónomo: adaptacións organizativas(tempo, horarios, espazos, materiais,...) (O)
- optatividade e opcionalidade (O)
- “alumnos monitores” (titoría entre iguais) (O)
- asignación de tarefas específicas e adaptadas (O)
- avaliación formativa e continua (O)
- autoavaliación personal e grupal (O)
- fomento do sentimento e conciencia de grupo (O)

- traballo en grupos/equipos cooperativos (O)
- plans de traballo e actividades de seguimento de “materia pendente”(O)

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA                   |      | X    | X    |      | X    |      |      | X    |
| ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA                 | X    | X    |      | X    |      | X    | X    |      |
| ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL                 |      |      | X    |      | X    | X    |      |      |
| ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL                      |      |      | X    |      | X    | X    |      | X    |
| ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL       | X    |      |      | X    |      | X    | X    |      |
| ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO |      | X    | X    | X    |      |      | X    |      |
| ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES         | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - CREATIVIDADE                             |      | X    |      | X    |      | X    | X    |      |

|   | UD 9 | UD 10 |
|---|------|-------|
| ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA                   | X    | X     |
| ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA                 | X    | X     |
| ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL                 |      | X     |
| ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL                      |      |       |
| ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL       | X    |       |
| ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO | X    |       |
| ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES         | X    | X     |
| ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO                      | X    | X     |
| ET.9 - CREATIVIDADE                             |      | X     |

**Observacións:**

## PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

- integrada e definida, no apartado “contribución da materia de E. F. ao logro das competencias básicas”
- integrada na definición e selección de “obxectivos: metas, e finalidades da materia”
- integrada na toma de decisións sobre os “criterios de avaliación”
- Toma como referente, as conclusións da “Memoria do departamento” do curso anterior, neste campo
- Operativizada no “clima de aula”, presidida polos “valores democráticos” como fundamento da convivencia
- Contidos transversais e interdisciplinares: colaboración e participación nas actividades organizadas polo centro, sobre as “Comemoracións Educativas 2023-24”

1. Día Universal de la Infancia
2. Día Internacional Contra A Violencia De Xénero
3. Conmemoración Da Constitución Española E O Estatuto De Autonomía De Galicia
4. Día Internacional Das Persoas Con Discapacidade
5. Día Da Declaración Universal Dos Dereitos Humanos
6. Día Escolar Da Non Violencia e A Paz
7. Día Internacional Da Muller
8. Día Mundial Dos Dereitos Do Consumidor
9. Semana Da Prensa
10. Día Mundial Da Saúde
11. Semana Do Libro
12. Día Internacional contra el acoso escolar
13. Día De Europa
14. Semana Das Letras Galegas
15. Día Mundial Do Medio Ambiente

- Organización do Departamento, da “Xornada de xogos populares de Galicia”

## CONTRIBUCIÓNS AO PLAN LECTOR DO CENTRO

- Uso da biblioteca do centro, como centro integrado de recursos multimedia
- Actividades de lectura, de material recomendado, e de investigación e documentación bibliográfica, na sección de E. F. da mesma
- Participación no programa do centro: “hora de leer”

## CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

- Producción do alumnado na “parte teórica da materia”: traballos
- Uso do correo electrónico para o envío de tarefas e actividades propostas. Canle de comunicación co alumnado na “parte teórica”
- “Aula virtual de Educación Física” na nosa web corporativa

- “Presentacións multimedia” como recurso didáctico habitual nos proxectos das unidades didácticas
- Vídeo dixital: grabación, edición e comunicación
- Avaliación do alumnado totalmente dixitalizada en App móbil: “ADITTIO PROFESORADO”
- Elaboración e comunicación de informes e gráficos, predefinidos, de avaliación dos grupos, para os titores

## CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

- Participación e cumprimento, das normas e procedementos internos do centro, nas incidencias da convivencia escolar
- Participación no “programa de mediación escolar” do centro

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición       | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|------------------|----------|----------|----------|
| Proposta: Conferencia dunha deportista "Deporte e perspectiva de xénero" | Ver observacións |          | X        |          |

#### Observacións:

Engadir a relación de actividades complementarias previstas para este curso. Na descrición poden sinalarse os seguintes aspectos:

- Cursos, grupos e número de alumnado ao que vai dirixida.
- Data e horario (aproximado) de realización.
- Destino, lugar ou espazo.
- Custo aproximado.
- Profesorado responsable e ratio profesorado/alumnado (legalmente establecido 1/20)
- Permisos (autorizacións, permisos concello, etc...)
- Necesidades (transporte, salón de actos, etc.).
- Departamentos ou entidades colaboradores.

## PROGRAMACIÓN XERAL DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO DEPARTAMENTO PARA O CURSO 2023-24

Tratarase de realizar alomenos unha actividade por nivel educativo e por trimestre. Trataremos ademáis, de incorporar con elas a interdisciplinabilidade, e de integralas no currículo e na vida institucional do centro.

Entre as que podemos levar a cabo:

- Saídas e excursións:

### 1º TRIMESTRE

- SURF na Praia de Patos, Nigrán

### 2º TRIMESTRE

- Ecoparque de aventura de Marín

### 3º TRIMESTRE

-Curso de wind surf, paddel surf e Kayak de mar na Praia de Rodeira

- Todo o alumnado do centro\* Saída ao Parque Nacional Das Íllas Atlánticas\_ Illa de Sálvora : Xuño

- Cursos deportivos:

1\* Actividades Náuticas: Xuño (3º TRIMESTRE)

- Asistencia a demostracións físico-deportivas, conferencias, charlas, coloquios....:

- Sendeirismo:

1\* Litoral costeiro do entorno do centro

- “Xornada de Xogos Populares”: Maio

- Campeonato de Fútbol Sala 2023-24  
Todo o curso

- Recreos activos : Xogos e andainas pola praia  
Todo o curso

**NOTA: ACTIVIDADES PARA TODOS OS NIVEIS EDUCATIVOS, E GRUPOS, DENDE 1º DA ESO, ATA 1º DE BACHARELATO, AGÁS OS LIMITADOS ESPECÍFICAMENTE A NIVEL OU ETAPA .**

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE.  |
| TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.                                     |
| Metodoloxía empregada  |
| DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.  |
| Clima de traballo na aula  |
| MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.            |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais           |
| INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN.   |

### Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden suprimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

#### RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

#### TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.

#### DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

#### MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

#### INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

#### CONCRECIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN NA PRÁCTICA. PROCEDUREMTO PARA AVALIAR O DISEÑO CURRICULAR, OS PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE, E A PRÁCTICA DOCENTE



MODELO DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN PARA O DOCENTE

NIVEL: GRUPO:

UNIDADE DIDÁCTICA/PROXECTO:

TEMPORALIZACIÓN:

VALORACIÓN/ADECUACIÓN.

ASPECTOS + E ASPECTOS - :

PROBLEMAS SUSCITADOS:

MEDIDAS PARA A MELLORA DA CALIDADE:

TEMPORALIZACIÓN DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS:

Variables anteriores para reflexionar sobre cada un dos ítems seguintes:

LOCALIZACIÓNS

TEMPORALIZACIÓN

MEDIOS E RECURSOS

CONTIDOS

SECUENCIAS DIDÁCTICAS

AVALIACIÓN DO ALUMNADO

TAREFAS E ACTIVIDADES

METODOLOXÍA

ROL/ACCIÓN DOCENTE

CLIMA DE AULA

OUTRAS

MODELO DE FICHA DE TRABALLO PARA A INVESTIGACIÓN-ACCIÓN CO ALUMNADO

C U R S O : 2 0 2 3 - 2 4

FÍSICA GRUPO:

TRIMESTRE:

M A T E R I A : E D U C A C I Ó N

UNIDADE/PROXECTO DIDÁCTICO:

VALORACION ALUMNADO (0-10)

PROFESOR:

COMPAÑEIROS:

ACTIVIDADES PRACTICAS:

TRABALLOS:

ENTORNOS DE APRENDIZAXE:

MATERIAIS:

INSTALACIONES:

OUTRAS VARIABLES:

MEDIA DE PUNTUACIÓNS:

OBSERVACIONS E REFLEXIÓNS CRÍTICAS DO ALUMNADO  
PROFESOR:

COMPAÑEIROS:

ACTIVIDADES PRACTICAS:

TRABALLOS:

PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE:

MATERIAIS:

INSTALACIONES:

OUTRAS VARIABLES:

SOBRE TODO O ANTERIOR:  
ANALISE E REFLEXIÓN CRÍTICA DO DOCENTE

MEDIDAS A ADOPTAR POLO DOCENTE

Cás modificacións pertinentes podemos pasar o modelo do alumnado as familias para o fomento da participación crítica, e centralo na valoración do NIVEL DE SATISFACCIÓN ca materia.

O PROCEDEMENTO DESCRITO, SERÁ ÚTIL ADEMÁIS, PARA PROPORCIONAR DATOS PERTINENTES E ALTAMENTE SIGNIFICATIVOS, PROVENIENTES DA PROPIA PRÁCTICA, COS QUE ABORDAR A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE E. FÍSICA, POLO PROFESORADO QUE COMPÓN ESTE ÓRGANO DE COORDINACIÓN DOCENTE. E AS SÚAS CONCLUSIÓN, SE FARÁN CONSTAR NA MEMORIA DE FÍN DE CURSO.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propónse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.

- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.

- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 36019475 | IES de Rodeira | Cangas   | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Física e química            | 2º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 7             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 24            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 25            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 25            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 25            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 26            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 27            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 29            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 31            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 31            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 34            |
| 9. Outros apartados   | 34            |

## 1. Introducción

O currículo da materia de Física e Química persegue que o alumnado se atope en disposición de desenvolver o pensamento científico, para así enfrontarse aos posibles problemas desa natureza presentes na sociedade e gozar dun coñecemento máis profundo do mundo que o rodea.

Por esta razón, os obxectivos desta materia inciden en comprender os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna e en interpretalos en termos das leis e teorías científicas, expresar en forma de preguntas as observacións realizadas, formular hipóteses para explicalas e verificalas, manexar con soltura as regras e normas básicas da física e da química, utilizar de forma crítica e eficiente plataformas tecnolóxicas e recursos variados, tanto para a produción individual coma en equipo, utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo que permitan potenciar o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente e entender a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución.

Respecto da avaliación, os criterios están orientados, con carácter prioritario, ao desempeño dos procesos cognitivos asociados ao pensamento científico competencial, para así ir máis alá dunha mera comprobación da memorización de conceptos.

A materia estrutúrase nos que tradicionalmente foron os grandes bloques de coñecemento da física e da química: a materia, a enerxía, a interacción e o cambio. Ademais, este currículo propón a existencia dun bloque de contidos que fai referencia ás metodoloxías da ciencia e á súa importancia no desenvolvemento desta e que constitúe o eixe metodolóxico da materia, sendo necesario traballalo simultaneamente con cada un dos restantes.

Neste bloque, denominado «As destrezas científicas básicas», establécese, ademais, a relación das ciencias experimentais cunha das súas ferramentas máis importantes, as matemáticas, que ofrecen unha linguaxe de comunicación formal e que inclúen coñecementos, destrezas e actitudes previos do alumnado, xunto con outros que se adquiren ao longo desta etapa educativa. Así mesmo, tamén se incide no papel destacado da muller ao longo da historia da ciencia, como forma de poñelo en valor e de fomentar novas vocacións femininas cara ás ciencias experimentais e cara á tecnoloxía.

No bloque «A materia», englóbanse coñecementos básicos sobre a constitución interna das substancias, as propiedades macroscópicas e microscópicas da materia e a clasificación desta.

No bloque «A enerxía», o alumnado profunda en coñecementos, destrezas e actitudes que adquiriu na educación primaria, como as fontes de enerxía e os seus usos prácticos ou os conceptos básicos acerca das formas de enerxía. Inclúense, ademais, saberes relacionados co desenvolvemento social e económico do mundo real e as súas implicacións ambientais.

«A interacción» trata os efectos principais das interaccións fundamentais da natureza e o estudo básico das forzas predominantes no mundo natural, así como as súas aplicacións prácticas en campos diversos.

Por último, o bloque denominado «O cambio» aborda as principais transformacións físicas e químicas dos sistemas materiais e naturais, así como os exemplos máis frecuentes na contorna do alumnado, describindo as súas aplicacións e contribucións á mellora do noso mundo.

Os cinco bloques repártense en sete Unidades Didácticas:

- 1.- A actividade científica.
- 2.- A materia.
- 3.- Sistemas materiais.
- 4.- Cambios físicos e químicos.
- 5.- O movemento.
- 6.- As forzas.
- 7.- A enerxía.

A metodoloxía utilizada inscríbese no marco determinado polo modelo DUA (Deseño Universal para a Aprendizaxe), que se desenvolve con máis detalle no apartado de atención á diversidade desta programación. Neste sentido, se

porá énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Tamén se potenciará o uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM  | CD  | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|-------|-----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender e relacionar os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna, explicándoos en termos das leis e teorías científicas adecuadas para resolver problemas co fin de aplicalas para mellorar a realidade próxima e a calidade da vida humana.  | 1   |    | 1-2-4 |     | 4     |    |    |      |
| OBX2 - Expresar as observacións realizadas polo alumnado en forma de preguntas, formulando hipóteses para explicalas e demostrando estas hipóteses a través da experimentación científica, a indagación e a procura de evidencias, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.  | 1-3 |    | 1-2   | 1   | 4     |    | 1  | 3    |
| OBX3 - Manexar con soltura as regras e as normas básicas da física e da química no referente á linguaxe da IUPAC, á linguaxe matemática, ao emprego de unidades de medida correctas, ao uso seguro do laboratorio e á interpretación e produción de datos e información en diferentes formatos e fontes, para recoñecer o carácter universal e transversal da linguaxe científica e a necesidade dunha comunicación fiable en investigación e ciencia entre diferentes países e culturas. |     |    | 4-5   | 3   | 2     | 1  |    | 2-4  |
| OBX4 - Utilizar de forma crítica, eficiente e segura plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social, mediante a consulta de información, a creación de materiais e a comunicación efectiva nas diferentes contornas de aprendizaxe.   | 2-3 |    | 4     | 1-2 | 3     |    | 3  | 4    |



| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX5 - Utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo, potenciando o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente, para comprender a importancia da ciencia na mellora da sociedade, as aplicacións e repercusións dos avances científicos, a preservación da saúde e a conservación sostible do medio ambiente. | 5   | 3  | 3-5  | 3  | 3     | 3  | 2  |      |
| OBX6 - Comprender e valorar a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución, na que non só participan as persoas dedicadas a ela, senón que tamén require dunha interacción co resto da sociedade, para obter resultados que repercutan no avance tecnolóxico, económico, ambiental e social.  |     |    | 2-5  | 4  | 1-4   | 4  |    | 1    |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                  | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A actividade científica | Preséntanse o método científico e algúns dos elementos comúns da actividade científica e que formarán parte, de xeito transversal, do resto de unidades didácticas, como son os relacionados coa medida de magnitudes e a expresión do seu valor, así como a representación gráfica de resultados experimentais ou as normas de uso dos espazos de traballo, que serán reintroducidos a medida que vaian aparecendo no desenvolvemento das unidades. | 9              | 9          | X        |          |          |
| 2  | A materia               | Abórdanse propiedades fundamentais da materia e a súa determinación, así como os estados de agregación, os seus cambios e a súa explicación dende o punto de vista microscópico. Para tal fin, introdúcense as nocións de átomo, enlace químico e molécula. No caso dos gases inclúese o estudo das súas leis (Boyle-Mariotte, Charles e Gay-Lussac).<br><br>Experiencias de laboratorio (suxeridas: medida de volúmenes e densidades e              | 17             | 18         | X        |          |          |

| UD | Título                     | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2  | A materia                  | elaboración de gráfica de quencemento con cambio de estado).  | 17             | 18         | X        |          |          |
| 3  | Sistemas materiais         | <p>Trátase a clasificación dos sistemas materiais dende o punto de vista da súa composición. Introdúcense os conceptos de substancia pura e mestura, xunto cos de elemento, composto, mestura homoxénea e heteroxénea. No caso dos elementos preséntanse os símbolos dos máis comúns, e tamén fórmulas de substancias sinxelas de uso habitual e cotiá, como introdución á nomenclatura química. Por último, tamén se aborda a expresión da concentración de disolucións, como proporción entre a cantidade de soluto e a cantidade de disolución.</p> <p>Experiencia de laboratorio (suxerida: separación de mesturas).</p>                  | 15             | 18         | X        | X        |          |
| 4  | Cambios físicos e químicos | Preséntase os tipos de cambio. No caso das reaccións químicas, introdúcese á súa notación e tamén os aspectos máis básicos da súa explicación dende o punto de vista microscópico. Exemplificación con reaccións de importancia para o medio ambiente, a tecnoloxía e a sociedade.  | 9              | 9          |          | X        |          |
| 5  | O movemento                | Efectúase unha introdución aos conceptos fundamentais da cinemática, como é o carácter relativo do movemento e as magnitudes necesarias para a súa descrición (posición, velocidade e aceleración) e a súa representación mediante gráficas. Eses conceptos son aplicados ao caso dunha soa partícula en repouso ou en movemento rectilíneo uniforme ou uniformemente acelerado, dentro das posibilidades que permiten os coñecementos de tipo matemático correspondentes a este nivel académico. Entre outros aspectos, faise unha aplicación ao estudo de situacións relacionadas coa seguridade viaria así como á caída libre de obxectos. | 17             | 18         |          | X        |          |
| 6  | As forzas                  | <p>Introdúcese o concepto de forza a través da súa relación con deformacións ou cambios no estado de movemento dos corpos. Efectúase unha introdución ás leis de Newton, que son aplicadas aos movementos estudados na unidade anterior. Abórdase o concepto de peso. Estúdanse aspectos cualitativos relacionados con forzas de tipo electromagnético.</p> <p>Experiencia de laboratorio sobre forzas</p>  | 16             | 15         |          |          | X        |

| UD | Título    | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6  | As forzas | (suxerida: lei de Hooke).  | 16             | 15         |          |          | X        |
| 7  | A enerxía | <p>Efectúase unha introdución ao concepto de enerxía, así como as súas propiedades e manifestacións. Preséntanse os conceptos de enerxía cinética e potencial gravitatoria e a súa aplicación en situacións sinxelas a través da conservación da enerxía. Trátanse as fontes de enerxía e os seus tipos, e a súa relación con aspectos de carácter medioambiental. Por último, efectúase unha introdución ás transferencias de enerxía en forma de calor e os efectos que estas teñen sobre os corpos.</p> <p>Aplicación práctica sobre o uso doméstico e industrial da enerxía. Experiencias relacionadas con transformacións enexéticas (suxeridas: caída libre de corpos; condución da calor e/ou dilatación lineal).</p> | 17             | 18         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD            | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 1  | A actividade científica | 9        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada. | Propoñer procedementos ou deseñar experiencias de forma guiada, para a comprobación de hipóteses que sexan coherentes coa actuación científica e coa natureza do problema. | PE | 65 |
| CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.   | Coñecer as leis e teorías establecidas nos contidos e determinar en que tipo de problemas e cuestións deben aplicarse.   |    |    |
| CA1.3.1. - Utilizar adecuadamente unidades de medida.   | Utilizar unidades do sistema internacional, das magnitudes fundamentais e derivadas, así como os seus múltiplos e submúltiplos comprendidos entre m (mili) e k (quilo).    |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.3.3. - Utilizar axeitadamente as ferramentas matemáticas adecuadas.   | Empregar adecuadamente as ferramentas matemáticas, propias deste nivel, axeitadas para a solución ou descrición dun problema. |           |          |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente.           | Asociar algunhas das leis e teorías estudadas aos homes e ás mulleres que as enunciaron.                                      |           |          |
| CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto cara aos docentes e cara aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.                    | Utilizar algún recurso bibliográfico ou dixital para obter información e compartila cos compañeiros.                          |           |          |
| CA1.6 - Traballar de forma adecuada e versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.                               | Utilizar algún recurso bibliográfico ou dixital para a obtención de información que sexa fiable.                              | TI        | 35       |
| CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.   | Participar nas actividades grupais.   |           |          |
| CA1.8 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.   | Emprender experiencias de laboratorio de xeito guiado.  |           |          |
| CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, os símbolos químicos das substancias máis importantes, así como as ferramentas matemáticas adecuadas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. |   | Baleiro   | 0        |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas.</li> <li>- Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante, a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: os laboratorios (materiais, substancias).</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: contornas virtuais (ferramentas tecnolóxicas).</li> <li>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.</li> </ul> |

**Contidos**

- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.
- Seguridade nas redes.
- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.
- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.
- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2  | A materia    | 18       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.                     | Propoñer procedementos ou deseñar experiencias de forma guiada, para a comprobación de hipóteses que sexan coherentes coa actuación científica e coa natureza do problema. | PE | 80 |
| CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.   | Coñecer as leis e teorías establecidas nos contidos e determinar en que tipo de problemas e cuestións deben aplicarse.   |    |    |
| CA1.3.1. - Utilizar adecuadamente unidades de medida.   | Utilizar unidades do sistema internacional, das magnitudes fundamentais e derivadas, así como os seus múltiplos e submúltiplos comprendidos entre m (mili) e k (quilo).    |    |    |
| CA1.3.3. - Utilizar axeitadamente as ferramentas matemáticas adecuadas.   | Empregar adecuadamente as ferramentas matemáticas, propias deste nivel, axeitadas para a solución ou descrición dun problema.  |    |    |
| CA2.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación. | Identificar e comprender algúns fenómenos fisicoquímicos relacionándoos co tratado na unidade.   |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.   | Desenvolver algúns problemas de xeito coherente en relación ao tratado na unidade.  |           |          |
| CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Discernir entre os procedementos científicos e os que non o son.  |           |          |
| CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.  | Interpretar algúns datos numéricos, individuais, en táboas ou en gráficos para usar na resolución dunha cuestión ou problema. |           |          |
| CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.  | Respectar as normas de seguridade no laboratorio.   |           |          |
| CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto cara aos docentes e cara aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.   | Utilizar algún recurso bibliográfico ou dixital para obter información e compartila cos compañeiros.                          | TI        | 20       |
| CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.  | Participar nas actividades grupais.   |           |          |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente.  | Asociar algunhas das leis e teorías estudadas aos homes e ás mulleres que as enunciaron.                                      |           |          |
| CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, os símbolos químicos das substancias máis importantes, así como as ferramentas matemáticas adecuadas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.                                  |   | Baleiro   | 0        |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| - Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas. |

## Contidos

- Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante, a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.
- Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.
- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: os laboratorios (materiais, substancias).
- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.
- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.
- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.
- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.
- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.
- Teoría cinético-molecular: aplicación a observacións sobre a materia explicando as súas propiedades, os estados de agregación, os cambios de estado e a formación de mesturas e disolucións.
- Experimentos relacionados cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación.
- Estados da materia e os seus cambios.
- Propiedades xerais e específicas: medidas de masa, volume e densidade.

| UD | Título da UD       | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 3  | Sistemas materiais | 18       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada. | Propoñer procedementos ou deseñar experiencias de forma guiada, para a comprobación de hipóteses que sexan coherentes coa actuación científica e coa natureza do problema. | PE | 85 |
| CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.   | Coñecer as leis e teorías establecidas nos contidos e determinar en que tipo de problemas e cuestións deben aplicarse.   |    |    |
| CA1.3.1. - Utilizar adecuadamente unidades de medida.   | Utilizar unidades do sistema internacional, das magnitudes fundamentais e derivadas, así como os seus múltiplos e submúltiplos comprendidos entre m (mili) e k (quilo).    |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.3.2. - Utilizar adecuadamente símbolos químicos de substancias de importancia.   | Empregar axeitadamente os símbolos de elementos químicos e as fórmulas de compostos binarios de uso común.                               |    |   |
| CA1.3.3. - Utilizar axeitadamente as ferramentas matemáticas adecuadas.  | Empregar adecuadamente as ferramentas matemáticas, propias deste nivel, axeitadas para a solución ou descrición dun problema.            |    |   |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente.  | Asociar algunhas das leis e teorías estudadas aos homes e ás mulleres que as enunciaron.   |    |   |
| CA2.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais cotiáns, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.              | Identificar e comprender algúns fenómenos fisicoquímicos relacionándoos co tratado na unidade.   |    |   |
| CA2.2 - Resolver os problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.   | Desenvolver algúns problemas de xeito coherente en relación ao tratado na unidade.   |    |   |
| CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Discernir entre os procedementos científicos e os que non o son.   |    |   |
| CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a sistemas materiais e á súa composición, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.  | Interpretar algúns datos numéricos, individuais, en táboas ou en gráficos para usar na resolución dunha cuestión ou problema.            |    |   |
| CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos químicos dos elementos e substancias comúns máis importantes facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.   | Coñecer os símbolos químicos dos elementos máis comúns. Coñecer e interpretar as fórmulas químicas dalgunhas substancias de importancia. |    |   |
| CA5.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.   | Interpretar algúns datos numéricos, individuais, en táboas ou en gráficos para usar na resolución dunha cuestión ou problema.            |    |   |



| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.   | Respectar as normas de seguridade no laboratorio.  | TI        | 15       |
| CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto cara aos docentes e cara aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.                    | Utilizar algún recurso bibliográfico ou dixital para obter información e compartila cos compañeiros. |           |          |
| CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.   | Participar nas actividades grupais.  |           |          |
| CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, os símbolos químicos das substancias máis importantes, así como as ferramentas matemáticas adecuadas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. |  | Baleiro   | 0        |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas.</li> <li>- Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante, a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: os laboratorios (materiais, substancias).</li> <li>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.</li> <li>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.</li> <li>- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico chega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.</li> <li>- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.</li> <li>- Teoría cinético-molecular: aplicación a observacións sobre a materia explicando as súas propiedades, os estados de agregación, os cambios de estado e a formación de mesturas e disolucións.</li> <li>- Experimentos relacionados cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación.</li> <li>- Clasificación dos sistemas materiais: separación de mesturas.</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| - Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal a través da interpretación das fórmulas químicas dalgúns compostos binarios de importancia e o coñecemento dos símbolos dos principais elementos químicos.<br>- Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen. |

| UD | Título da UD               | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 4  | Cambios físicos e químicos | 9        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada. | Propoñer procedementos ou deseñar experiencias de forma guiada, para a comprobación de hipóteses que sexan coherentes coa actuación científica e coa natureza do problema. | PE | 100 |
| CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.   | Coñecer as leis e teorías establecidas nos contidos e determinar en que tipo de problemas e cuestións deben aplicarse.   |    |     |
| CA1.3.2. - Utilizar adecuadamente símbolos químicos de substancias de importancia.  | Empregar axeitadamente os símbolos de elementos químicos e as fórmulas de compostos binarios de uso común.   |    |     |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente.           | Asociar algunhas das leis e teorías estudadas aos homes e ás mulleres que as enunciaron.   |    |     |
| CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos químicos dos elementos e substancias comúns máis importantes facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.  | Coñecer os símbolos químicos dos elementos máis comúns. Coñecer e interpretar as fórmulas químicas dalgunhas substancias de importancia.                                   |    |     |
| CA5.1 - Identificar, comprender e explicar cambios físicos e químicos cotiáns a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.   | Identificar e comprender algúns fenómenos fisicoquímicos relacionándoos co tratado na unidade.   |    |     |
| CA5.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.  | Desenvolver algúns problemas de xeito coherente en relación ao tratado na unidade.   |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA5.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados cos cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Discernir entre os procedementos científicos e os que non o son.  |           |          |
| CA5.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.   | Interpretar algúns datos numéricos, individuais, en táboas ou en gráficos para usar na resolución dunha cuestión ou problema. |           |          |
| CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, os símbolos químicos das substancias máis importantes, así como as ferramentas matemáticas adecuadas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.  |   | Baleiro   | 0        |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: os laboratorios (materiais, substancias).</li> <li>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.</li> <li>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.</li> <li>- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.</li> <li>- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.</li> <li>- Experimentos relacionados cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación.</li> <li>- Estados da materia e os seus cambios.</li> <li>- Clasificación dos sistemas materiais: separación de mesturas.</li> <li>- Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal a través da interpretación das fórmulas químicas dalgúns compostos binarios de importancia e o coñecemento dos símbolos dos principais elementos químicos.</li> <li>- Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen.</li> <li>- Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade.</li> </ul> |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 5  | O movemento  | 18       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada. | Propoñer procedementos ou deseñar experiencias de forma guiada, para a comprobación de hipóteses que sexan coherentes coa actuación   |    |    |
| CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.   | Coñecer as leis e teorías establecidas nos contidos e determinar en que tipo de problemas e cuestións deben aplicarse.  |    |    |
| CA1.3.1. - Utilizar adecuadamente unidades de medida.   | Utilizar unidades do sistema internacional, das magnitudes fundamentais e derivadas, así como os seus múltiplos e submúltiplos comprendidos entre m (mili) e k (quilo).                                   |    |    |
| CA1.3.3. - Utilizar axeitadamente as ferramentas matemáticas adecuadas.   | Empregar adecuadamente as ferramentas matemáticas, propias deste nivel, axeitadas para a solución ou descrición dun problema.   |    |    |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente.           | Asociar algunhas das leis e teorías estudadas aos homes e ás mulleres que as enunciaron.  | PE | 93 |
| CA4.1.1. - Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos, a partir das teorías científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.   | Relaciona movementos cotiáns cos tipos de movemento estudados (MRU, MRUA, MCU) partindo da descrición do movemento, de táboas de datos ou gráficas.   |    |    |
| CA4.2.1. - Resolver problemas sobre movemento rectilíneo uniforme utilizando a relación correspondente entre posición e tempo, para atopar algunha desas magnitudes expresando correctamente o resultado.   | Calcula correctamente a velocidade dun móbil con MRU partindo de datos de posición e tempo.   |    |    |
| CA4.2.2. - Resolver problemas sobre movemento rectilíneo uniformemente acelerado utilizando a relación correspondente entre velocidade e tempo, para atopar algunha desas magnitudes expresando correctamente o resultado.  | Para un móbil con MRUA, calcula correctamente a aceleración partindo dunha táboa de datos de velocidade fronte a tempo, e calcula a súa velocidade media partindo dunha táboa de posición fronte a tempo. |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA      | % |
|---|---|---------|---|
| CA4.3 - Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.   | Recoñecer, describir e analizar a influencia de aspectos tratados na unidade en relación á seguridade vial.                   |         |   |
| CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con movementos, así como as forzas e os seus efectos, a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Discernir entre os procedementos científicos e os que non o son.  |         |   |
| CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico relativa a movementos e a forzas e os seus efectos, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.  | Interpretar algúns datos numéricos, individuais, en táboas ou en gráficos para usar na resolución dunha cuestión ou problema. |         |   |
| CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto cara aos docentes e cara aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.  | Utilizar algún recurso bibliográfico ou dixital para obter información e compartila cos compañeiros.                          |         |   |
| CA1.6 - Traballar de forma adecuada e versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.   | Utilizar algún recurso bibliográfico ou dixital para a obtención de información que sexa fiable.                              | TI      | 7 |
| CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.   | Participar nas actividades grupais.   |         |   |
| CA1.8 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumando na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.   | Emprender experiencias de laboratorio de xeito guiado.  |         |   |
| CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, os símbolos químicos das substancias máis importantes, así como as ferramentas matemáticas adecuadas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.   |   |         |   |
| CA4.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos, así como coas forzas e os seus efectos, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.   |   | Baleiro | 0 |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|-------------------------------|-----------|----------|
| CA4.2 - Resolver problemas sobre movementos e sobre forzas e os seus efectos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados. |                               |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas.</li> <li>- Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante, a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: os laboratorios (materiais, substancias).</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: contornas virtuais (ferramentas tecnolóxicas).</li> <li>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.</li> <li>- Seguridade nas redes.</li> <li>- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.</li> <li>- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.</li> <li>- Análise de movementos sinxelos a partir dos conceptos da cinemática, formulando hipóteses comprobables sobre valores futuros das magnitudes implicadas e validándoas a través do cálculo numérico, da interpretación de gráficas ou do traballo experimental.</li> <li>- Sistema de referencia e movemento relativo.</li> <li>- Movemento rectilíneo uniforme e uniformemente acelerado.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6         | As forzas           | 15              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|                                |                               |           |          |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.3.1. - Utilizar adecuadamente unidades de medida.  | Utilizar unidades do sistema internacional, das magnitudes fundamentais e derivadas, así como os seus múltiplos e submúltiplos.   |    |    |
| CA1.3.3. - Utilizar axeitadamente as ferramentas matemáticas adecuadas.  | Empregar adecuadamente as ferramentas matemáticas, propias deste nivel, axeitadas para a solución ou descrición dun problema  |    |    |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente.                  | Asociar algunhas das leis e teorías estudadas aos homes e ás mulleres que as enunciaron.  |    |    |
| CA4.1.2. - Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados coas forzas e os seus efectos, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.                        | Aplica o principio de superposición cando actúan unha ou dúas forzas paralelas sobre un corpo en repouso e determina o sentido do cambio no movemento.                                      |    |    |
| CA4.2.3. - Resolver problemas utilizando a relación entre forza e aceleración, para atopar algunha desas magnitudes ou a masa do móbil, expresando correctamente o resultado.  | Calcula a forza resultante que actúa sobre un corpo ou a súa aceleración, empregando a segunda lei de Newton, coñecida a masa e a aceleración ou forza resultante, respectivamente.         | PE | 65 |
| CA4.2.4. - Resolver problemas sobre sistemas elásticos utilizando a lei de Hooke para atopar a deformación, a forza ou a constante elástica, expresando correctamente o resultado.   | Calcula a forza restauradora que exerce un resorte ou o seu estiramento, empregando a lei de Hooke, coñecida a constante do resorte e o estiramento ou forza restauradora, respectivamente. |    |    |
| CA4.3 - Recoñecer e describir na contorna inmediata situacións problemáticas reais de índole científica e emprender iniciativas nas que a ciencia e, en particular, a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.                        | Identificar aplicacións prácticas nas que interveñen forzas estudadas na unidade (peso e de elasticidade)   |    |    |
| CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa a un proceso fisicoquímico relativa a movementos e a forzas e os seus efectos, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema. | Interpretar algúns datos numéricos, individuais, en táboas ou en gráficos para usar na resolución dunha cuestión ou problema.   |    |    |
| CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se tratan, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.        | Propoñer procedementos ou deseñar experiencias de forma guiada, para a comprobación de hipóteses que sexan coherentes coa actuación científica e coa natureza do problema.                  | TI | 35 |
| CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.  | Coñecer as leis e teorías establecidas nos contidos e determinar en que tipo de problemas e cuestións deben aplicarse.  |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.   | Respectar as normas de seguridade no laboratorio.   |           |          |
| CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto cara aos docentes e cara aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.  | Utilizar algún recurso bibliográfico ou dixital para obter información e comparte a dita información cos compañeiros. |           |          |
| CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.   | Participar activamente nas actividades grupais  |           |          |
| CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con movementos, así como as forzas e os seus efectos, a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Discernir entre os procedementos científicos e os que non o son   |           |          |
| CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, os símbolos químicos das substancias máis importantes, así como as ferramentas matemáticas adecuadas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.   |   |           |          |
| CA4.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos cotiáns relacionados con movementos, así como coas forzas e os seus efectos, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.   |   | Baleiro   | 0        |
| CA4.2 - Resolver problemas sobre movementos e sobre forzas e os seus efectos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.   |   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas.</li> <li>- Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante, a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: os laboratorios (materiais, substancias).</li> </ul> |



## Contidos

- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.
- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.
- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.
- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.
- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.
- As forzas como axentes de cambio: efectos das forzas, tanto no estado de movemento ou de repouso dun corpo coma na produción de deformacións.
- Concepto de forza. Efectos das forzas sobre os corpos.
- Lei de Hooke.
- Aplicación das leis de Newton: observación de situacións cotiás ou de laboratorio que permiten entender como se comportan os sistemas materiais ante a acción das forzas e predicir os efectos destas en situacións cotiás e de seguridade viaria.
- Fenómenos gravitatorios, eléctricos e magnéticos: experimentos sinxelos que evidencian a relación coas forzas da natureza.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 7  | A enerxía    | 18       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.3.1. - Utilizar adecuadamente unidades de medida.   | Utilizar unidades do sistema internacional, das magnitudes fundamentais e derivadas, así como os seus múltiplos e submúltiplos comprendidos entre m (mili) e k (quilo),                       | PE | 35 |
| CA1.3.3. - Utilizar axeitadamente as ferramentas matemáticas adecuadas.   | Empregar adecuadamente as ferramentas matemáticas, propias deste nivel, axeitadas para a solución ou descrición dun problema  |    |    |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente. | Asociar algunhas das leis e teorías estudadas aos homes e ás mulleres que as enunciaron.  |    |    |
| CA3.1 - Identificar, comprender e explicar fenómenos fisicoquímicos cotiás relevantes relacionados coa enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.   | Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios e relaciona as variacións da enerxía cinética e potencial gravitacional na caída libre mediante a conservación da enerxía. |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa enerxía utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.  | Calcula a enerxía cinética e a potencial gravitacional, aplicando directamente as súas expresións ou mediante a conservación da enerxía na caída libre.                    |    |    |
| CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se traten, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.  | Propoñer procedementos ou deseñar experiencias de forma guiada, para a comprobación de hipóteses que sexan coherentes coa actuación científica e coa natureza do problema. |    |    |
| CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses, sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.  | Coñecer as leis e teorías establecidas nos contidos e determinar en que tipo de problemas e cuestións deben aplicarse.   |    |    |
| CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.  | Respectar as normas de seguridade no laboratorio.  |    |    |
| CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto cara aos docentes e cara aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.   | Utilizar algún recurso bibliográfico ou dixital para obter información e comparte a dita información cos compañeiros.  |    |    |
| CA1.6 - Traballar de forma adecuada e versátil con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.  | Utilizar algún recurso bibliográfico ou dixital para a obtención de información que sexa fiable.   | TI | 65 |
| CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas emprendendo actividades de cooperación como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.  | Participar activamente nas actividades grupais   |    |    |
| CA1.8 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumando na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.  | Emprender experiencias de laboratorio de xeito guiado.   |    |    |
| CA3.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa enerxía e as súas manifestacións a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas. | Discernir entre os procedementos científicos e os que non o son  |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á enerxía e ás súas transferencias nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.  | Interpretar algúns datos numéricos, individuais, en táboas ou en gráficos para usar na resolución dunha cuestión ou problema. |           |          |
| CA3.5 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.  | Realiza un traballo de investigación guiado sobre o uso doméstico e industrial da enerxía.                                    |           |          |
| CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, os símbolos químicos das substancias máis importantes, así como as ferramentas matemáticas adecuadas, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica. |   | Baleiro   | 0        |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Metodoloxías propias da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas.</li> <li>- Traballo experimental e proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante, a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica, como o laboratorio ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: os laboratorios (materiais, substancias).</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: contornas virtuais (ferramentas tecnolóxicas).</li> <li>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.</li> <li>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.</li> <li>- Seguridade nas redes.</li> <li>- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.</li> <li>- Valoración da cultura científica e do papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química para o avance e a mellora da sociedade.</li> <li>- A enerxía: formulación de cuestións e hipóteses sobre a enerxía, propiedades e manifestacións que a describan como a causa de todos os procesos de cambio.</li> <li>- Deseño e comprobación experimental de hipóteses relacionadas co uso doméstico e industrial da enerxía nas súas distintas formas e as transformacións entre elas.</li> <li>- Elaboración fundamentada de hipóteses sobre o medio ambiente e a sostibilidade a partir das diferenzas entre fontes de enerxía renovables e non renovables.</li> </ul> |

## Contidos

- Efectos da calor sobre a materia: análise dos efectos e aplicación en situacións cotiás.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía utilizada inscríbese no marco determinado polo modelo DUA (Deseño Universal para a Aprendizaxe), que se desenvolve con máis detalle no apartado de atención á diversidade desta programación. Neste sentido e acorde coas liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe recollidas no decreto que desenvolve o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia se porá énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades e no uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

O traballo por proxectos é un exemplo de metodoloxía que lle axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un aplica, de forma activa, os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais, favorecendo unha aprendizaxe orientada á acción cun importante carácter interdisciplinar na que as e os estudantes conxugan coñecementos, habilidades e actitudes para levar a bo fin o proxecto proposto.

Así mesmo, formarán parte da metodoloxía a realización de proxectos significativos para o alumnado, de tarefas de carácter experimental así como situacións-problemas formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Tamén terán relevancia a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, o enfoque que se lle dea a esta materia debe incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas máis alá do académico e que lles permita facer conexións coas súas situacións cotiás, o que contribuirá de forma significativa a que todos desenvolvan as destrezas características da ciencia.

Tendo en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as etapas da formación do alumnado debe partir da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e en contextos habituais. A explicación a partir do coñecemento, da procura de evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes precisa unha adecuada adquisición das competencias correspondentes.

Polo dito, en todas as unidades didácticas incluíranse: prácticas de laboratorio, experiencias en contornos virtuais así como enunciados de coñecemento que permitan aplicar un proceso de argumentación en base ás probas dispoñibles (recóllense nas descrições das unidades didácticas). Guiados polo modelo DUA facilitarase que o alumnado poida seleccionar entre distintas actividades e distintos contornos.

Concederáselle especial importancia á presentación dos resultados obtidos que se axustará ao que é habitual nas comunicacións científicas e serán compartidos co resto da aula utilizando diferentes estratexias. De esta forma se traballará transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.

En relación coa competencia dixital indicar que a aplicación das tecnoloxías dixitais xunto aos principios do DUA permiten un elevado grao de personalización do currículo, fundamental nun ensino inclusivo que debe proporcionar a todas as persoas oportunidades equitativas para aprender.

Potenciarase o traballo tanto colaborativo como cooperativo deseñando plans de equipo que permitan asegurar o correcto funcionamento do mesmo seguindo o indicado no CA1.7 "Establecer interaccións construtivas e coeducativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia".

Sempre que sexa, posible e no caso de poder avaliarse o mesmo criterio de avaliación dentro dunha unidade

didáctica de formas distintas, permitirase ao alumnado elixir entre as distintas vías de avaliación coa condición de que ao longo do curso as utilice todas. Preténdese flexibilizar o currículo para achegalo a todos os alumnos e todas as alumnas.

Promocionarase o modelo de aula invertida ou modificacións do mesmo utilizando alternativas a vídeo en consonancia co DUA co obxectivo de transformar a aula nun espazo de aprendizaxe colectiva.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Recursos: Aula, aula virtual, encerado dixital, laboratorio equipado, ordenadores, teléfonos móbiles, recursos audiovisuais, recursos informáticos e todo tipo de recursos de papelería, láminas, carteis, etc.                                  |
| Materiais: Libro de texto/apuntamentos, vídeos e textos elaborados polo profesorado e/ou alumnado, presentacións audiovisuais, material dixital seleccionado, material de laboratorio adecuado ás prácticas deseñadas, modelos moleculares, etc. |

A maioría do material e dos recursos descritos non precisan descrición. Indicar que estarán ao servizo da aprendizaxe de todo o alumnado seguindo o modelo DUA.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior.
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme a criterios de avaliación de cursos anteriores (relacionados coas ciencias e as matemáticas). Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1     | UD 2      | UD 3      | UD 4     | UD 5      | UD 6      | UD 7      | Total      |
|-------------------------------|----------|-----------|-----------|----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>9</b> | <b>17</b> | <b>15</b> | <b>9</b> | <b>17</b> | <b>16</b> | <b>17</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 65       | 80        | 85        | 100      | 93        | 65        | 35        | <b>73</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 35       | 20        | 15        | 0        | 7         | 35        | 65        | <b>27</b>  |

### **Criterios de cualificación:**

O curso dividirase en 3 avaliacións parciais e unha avaliación final no mes de Xuño. En cada unha das tres avaliacións parciais o alumno/a terá que acadar unha cualificación mínima de 5 para obter avaliación positiva.

A cualificación do trimestre será a media das cualificacións das UD impartidas no trimestre.

A cualificación final será a media das cualificacións trimestrais.

Para superar a materia na convocatoria ordinaria de xuño é necesario ter avaliación positiva (cualificación mínima de 5) na media das tres avaliacións parciais.

Para calcular a nota de cada avaliación terase en conta a seguinte ponderación por cada trimestre:

As probas escritas (al menos dúas por trimestre) terán un peso do 60 % da nota da avaliación.

Un 10 % será o traballo no laboratorio: seguir as normas de laboratorio, empregar o material con cuidado e responsabilidade, facer caso das indicacións e instrucións do/a profesor/a no laboratorio e levar a libreta de laboratorio ben e ao día.

Outro 10 % será un proxecto de investigación que terán que facer nas casas cada trimestre, do cal terán que entregar informes científicos nos que se avaliarán as destrezas que aprenderon na clase e a capacidade de elaborar este tipo de informes coa interpretación de resultados e o análise de datos en táboas, gráficas e ecuacións matemáticas.

Un 10 % será o traballo que fagan na casa que poderán ser: exercicios de repaso da materia, problemas, cuestionarios, búsquedas bibliográficas, noticias, presentacións breves, flipped classroom ou traballos curtos.

E o último 10 % será o traballo na clase: o interese mostrado pola materia, a dedicación cando teñan que facer exercicios na clase, sair ó encerado a resolver problemas, pregunta de dúbidas, aportacións ó tema tratado, ...

As notas obtidas nestes epígrafes, con cadansúa ponderación, será a nota do trimestre, tratándose así de enfocar a superación da materia, non tanto na realización de probas escritas, se non nas destrezas adquiridas polo alumnado e a súa posta en práctica en diferentes ámbitos e aplicacións.

### **Criterios de recuperación:**

Os alumnos/as que non superen unha avaliación parcial, poderán recuperala nunha proba escrita realizada ó comezo do seguinte trimestre, ou, de ser o caso, mediante a repetición da/s práctica/s de laboratorio e/ou dos traballos correspondentes a esa avaliación.

Unha vez superada a parte non aprobada, sustituirase esa nota na correspondente media da avaliación obtendo a nova cualificación trimestral, que será positiva cando se acade o 5 na media do trimestre.

No mes de xuño, entre a 3ª e a avaliación final, aqueles alumnos/as con algunha avaliación pendente de recuperar, terán a opción de recuperala/s novamente cunha proba escrita na que se incluírán cuestións e problemas das avaliacións pendentes. Igualmente, o alumnado que xa teña aprobadas todas as avaliacións parciais, poderá optar a subir nota en calquera delas neste mesmo período.

Considerarase recuperada e polo tanto aprobada a materia cando a media das avaliacións (tendo en conta as recuperacións pertinentes e facendo media coas mellores notas obtidas polo alumnado nese trimestre) sexa de 5.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Para recuperar a materia pendente o alumnado ten que acadar os obxectivos da materia e adquirir as competencias correspondentes. Con este obxectivo garantíranse as seguintes accións:

1.-Todo o alumnado que teña pendente a Física e Química de 2º estará matriculado nun curso de pendentes na aula virtual.

2.-O alumnado recibirá unha serie de tarefas, actividades e exercicios propostos polo profesor ou a profesora responsable da materia baixo a dirección do departamento, que estarán a disposición do alumnado na aula virtual.

3.-O seguimento do progreso ao longo do curso farase de forma presencial (reunións quincenais) e a través da aula virtual.

4.-O alumnado será avaliado dos CA correspondentes á materia mediante tres probas escritas, o que non impide que se poidan utilizar outros instrumentos de avaliación sempre que non interfiran coa marcha do curso no resto das materias e que se poidan ofertar a todo o alumnado coa Física e Química de 2º de ESO pendente.

Para tal fin, antes do 20 de setembro, o profesorado que imparta Física e Química de 2º de ESO planificará unha reunión co alumnado que ten a dita materia sen superar, na que se lle entregará un documento informativo,

aprobado polo departamento, que deberá conter:

- 1.- Os criterios de avaliación, cos seus mínimos, e os procedementos e instrumentos de avaliación a aplicar.
- 2.- A descrición do curso de pendentes na aula virtual.
- 3.- Tarefas a realizar e as súas datas de corrección. Estas tarefas deben facilitar o proceso de recuperación. Consistirán na realización de actividades similares ás que serán obxecto de avaliación nas probas escritas. Constarán de tres bloques, cada un correspondente a unha proba escrita. Serán corrixiadas pola profesora ou polo profesor responsable da materia pendente. Ademais, ao longo do curso proporáanse as actividades que se consideren necesarias, a través da aula virtual.
- 4.- Datas das probas escritas. Realizaranse tres probas en datas que no interfiran coas correspondentes ás materias do curso e cuxas datas serán determinadas por xefatura de estudos.

A cualificación da materia en cada trimestre será ponderada do seguinte xeito, o 50 % da nota será a cualificación da proba escrita, e o outro 50 % se dividirá entre a cualificación do boletín (25 %) e a participación eficaz no seguimento quincenal da materia (25 %)

O/A xefe /a de departamento enviará, a través da plataforma Abalar, un comunicado ás familias, indicando a documentación que se lle entregou ao seu fillo/a. De non recibir resposta, enviarase esa documentación á familia por correo certificado.

Ao longo do trimestre, o profesorado responsable do seguimento deberá comunicar á familia a situación do alumno/a vía Abalar, ou ben nas reunións que a familia teña co titor ou titora.

En cada un dos trimestres, xunto cos boletíns de cualificacións comunicaráselle ás familias como é a evolución do seu fillo/a na recuperación da materia pendente.

A cualificación final será a media das cualificacións das notas obtidas nos 3 trimestres. Cando sexa igual ou maior que 5 considerarase superada a materia pendente.

No período comprendido entre a data da sesión de avaliación do terceiro trimestre e o remate do curso garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os CA non superados.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Garantírase a adecuada atención á diversidade no marco do modelo de Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Por tanto, desenvolverase o currículo atendendo aos tres principios fundamentais que guían o DUA:

- Proporcionar múltiples formas de representación.
| CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | O alumnado deberá prestar especial atención ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.         | TI        | 50       |
| CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.   | O alumnado deberá facer un uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.   |           |          |



| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Mediante a transformación de enunciados, o alumnado incluírá propostas de mellora atendendo á relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.</li> <li>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3         | Máis que poemas.    | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.           | O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.       |           |          |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | En contos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes neles, valorando o seu efecto sobre o receptor.            |           |          |
| CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios. | O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados. | PE        | 55       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.   | O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.      |    |    |
| CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuío literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos relatos audiovisuais creados na aula.      |    |    |
| CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.  | O alumnado escollerá un dos textos da narrativa universal actual que integran a escolma proporcionada en clase e expresará de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.  | TI | 45 |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.  | O alumnado será quen de realizar e compartir coa clase a análise dunha obra procedente da narrativa universal actual, empregando unha guía de lectura para expresar as súas conclusións interpretativas. |    |    |
| CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.                   | O alumnado será quen de establecer vínculos entre os contos lidos, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas como os anuncios publicitarios revisados na aula. |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.</li> <li>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4         | A ilusión móvenos.  | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias. | O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto expositivo e a información máis importante.                | PE        | 35       |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.   | O alumnado deberá recoñecer os procedementos expositivos máis habituais: definicións, enumeración de propiedades, exemplificacións e analoxías.                                   |           |          |
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.   | O alumnado prestará especial atención á adecuación (registro), o respecto polas convencións dos textos expositivos, a ortografía, a presentación e a elección correcta do léxico. |           |          |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.   | Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información en función da súa fiabilidade e pertinencia á hora de documentarse para elaborar textos expositivos.                  | TI        | 65       |
| CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   | Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.                   |           |          |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | O alumnado será quen de producir textos expositivos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.  |    |   |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.          | As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos expositivos escritos ben estruturados nos que expliquen a cuestión tratada de forma clara e ordenada.                        |    |   |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.   | O alumnado deberá incorporar aos seus textos expositivos vocabulario rigorosamente denotativo, tecnicismos, conectores textuais para organizar a información e oracións de modalidade enunciativa.    |    |   |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelabora a e comunícala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.  | Os textos expositivos que elabore o alumnado axustaranse ao esquema básico de introdución, desenvolvemento e conclusión, cunha ordenación lóxica dos contidos (estrutura analizante ou sintetizante). |    |   |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.  | O alumnado deberá verificar o uso da terceira persoa, o predominio do presente de indicativo, o uso habitual das oracións impersonais e atributivas, así como o emprego recorrente da coordinación.   |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.</li> <li>- Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a exposición.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).</li> <li>- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes</li> </ul> |

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- ámbitos.</li> <li>- Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.</li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.</li> </ul> </li> </ul> |

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 5  | Culturas compartidas. | 10       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.  | O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos dialogados.  | TI | 100 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | Os alumnos e as alumnas terán que valorar a axilidade e a naturalidade propias dos textos dialogados e identificar o uso de vocativos, retrousos, interxeccións e exclamacións.                         |    |     |
| CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | O alumnado será quen de identificar e evitar a expresións sexistas ou discriminatorias.   |    |     |
| CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.   | Ademais de participar activamente e respectar a quenda de palabra, o alumnado deberá ser claro e cortés: ofrecerá opcións sen impoñer o seu criterio, cooperará e recorrerá a usos verbais mitigadores. |    |     |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.  | Na confrontación de opinións propia dos debates, o alumnado deberá participar con intervencións curtas e dinámicas nas que, tras unha escoita activa, persuadea expoñendo as ideas de forma creativa.   |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social. | O alumnado deberá coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.                     <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.                     <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul> </li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.                     <ul style="list-style-type: none"> <li>- Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.</li> <li>- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> </ul> </li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.                     <ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas.</li> </ul> </li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.                     <ul style="list-style-type: none"> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> </ul> </li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.                     <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.</li> <li>- Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses).</li> </ul> </li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>      | <b>Duración</b> |
|-----------|--------------------------|-----------------|
| 6         | Entre sorrisos e amores. | 15              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.   | O alumnado será quen de comprender e analizar as ideas fundamentais de Persépole e da súa versión teatral, interpretando axeitadamente a intención do emisor e a situación comunicativa descrita.        | PE | 60 |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | O alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes en Persépole e na súa adaptación teatral, valorando o seu efecto sobre o receptor.         |    |    |
| CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.   | O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura ambos textos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.     |    |    |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.  | En pequenos grupos, o alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións xenéricas en diversos formatos a partir dunha listaxe de proxectos proporcionados na aula. |    |    |
| CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística. | O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos temas da novela gráfica Persépole.         | TI | 40 |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.   | O alumnado será quen de compartir coa clase a análise comparativa entre a novela gráfica Persépole e a súa versión teatral, incidindo nas consecuencias das desigualdades sociais vinculadas á muller.   |    |    |
| CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.                    | O alumnado establecerá vínculos entre Persépole, a súa versión teatral e outras obras que denuncian as desigualdades de xénero, relacionándoos con outras expresións artísticas como o cómic.            |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> </ul> |

## Contidos

- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

| UD | Título da UD                    | Duración |
|----|---------------------------------|----------|
| 7  | A novos tempos, novos costumes. | 10       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.  | O alumnado terá que responder adecuadamente a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura de textos multimodais propios da Rede e a súa información máis importante. | PE | 35 |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | O alumnado será quen de producir textos propios das redes sociais utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.  |    |    |



| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.   | En textos escritos sinxelos, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.   | TI        | 65       |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.   | Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información útil e percibir as diferenzas entre a información e as opinións.   |           |          |
| CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.  | O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa e ser consciente dos perigos que supón para a privacidade facilitar información persoal na Rede.                      |           |          |
| CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | O alumnado terá que detectar, como mínimo, os usos sexistas e discriminatorios na linguaxe verbal e icónica.   |           |          |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.                              | O alumnado utilizará correctamente o dicionario, os manuais de consulta e os correctores ortográficos para a revisión lingüística, ortográfica e gramatical dos textos (signos de puntuación incluídos). |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.</li> <li>- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.</li> <li>- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.</li> <li>- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de déixe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 8         | Disto si se fala.   | 15              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.  | O alumnado será quen de comprender e analizar composicións seleccionadas da lírica actual, interpretando axeitadamente a intención do emisor e a situación comunicativa descrita.                       | PE        | 60       |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.  | En textos procedentes da lírica actual, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes neles, valorando o seu efecto sobre o receptor.   |           |          |
| CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.  | O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados. |           |          |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Nun obradoiro de escritura creativa, o alumnado será quen de producir mostras de cadáveres exquisitos e poemas elásticos, en diversos formatos, respectando as convencións xenéricas e artísticas.      |           |          |
| CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.  | Cada alumno/a escollerá dous poemas da escolma proporcionada en clase e expresará de forma argumentada os motivos da súa elección, vinculándoos con outras mostras poéticas coñecidas por el/ela.       | TI        | 40       |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.  | O alumnado será quen de compartir coa clase a análise das dúas composicións líricas escollidas, empregando unha guía de lectura para expresar as súas conclusións interpretativas.                      |           |          |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | O alumnado será quen de establecer vínculos entre os textos lidos, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas como os collage, a pintura e as matemáticas. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.</li> </ul> </li> <li>- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.</li> <li>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.</li> <li>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> </ul> </li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e

escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensan as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.  |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.                            |
| Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura. |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.  |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.            |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.  |
| Materiais de investigación e consulta.   |

Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: [www.rae.es](http://www.rae.es)

Diccionario Panhispánico de Dúbdas: [www.rae.es/dpd](http://www.rae.es/dpd)

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: [www.los-poetas.com](http://www.los-poetas.com)

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: [www.poemas-del-alma.com](http://www.poemas-del-alma.com)

Ampla colección de audio e videopoemas: [www.palabravirtual.com](http://www.palabravirtual.com)

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: [http://www.auladeletras.net/Aula\\_de\\_Letras/Inicio/Inicio.html](http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html)

Morderse la lengua: [https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse\\_lengua/default.htm](https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm)

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>

Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>

Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana do mes de outubro, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de varios exercicios nos que se valorará ademais da boa presentación a caligrafía a acentuación e a ortografía:

-Comprensión lectora, expresión escrita, coñecementos gramaticais, vocabulario e coñecementos literarios.

Os resultados obtidos teránse en conta para, durante a sesión de avaliación inicial, propoñer medidas de atención á diversidade dirixidas a todo o alumnado que o precise.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 50        | 50        | 55        | 35        | 0         | 60        | 35        | 60        | <b>44</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 50        | 50        | 45        | 65        | 100       | 40        | 65        | 40        | <b>56</b>  |

### Criterios de cualificación:

1. Controis periódicos: un 70 % da nota trimestral. Farase a media destas probas, que se valorarán de 0 a 10 puntos. Estes controis inclúen: Controis de dous temas por trimestre. 70% obtido das cualificacións das probas obxectivas que se programarán para cada trimestre. Realizaranse dous controis ó longo de cada avaliación (6 en total), cun valor individual do 30% da nota trimestral, sendo necesario obter polo menos un 3 en cada un deles para que se faga media co anterior ou seguinte.

2. Controis de lectura (avaliase comprensión e expresión oral ou escrita): un 10% da nota trimestral. Propóñense como lecturas obrigatorias tres libros, un por trimestre, que se avaliarán mediante exames e / ou traballos. Se no se len, aínda que o alumno/a non suspenderá a asignatura, terá que recuperar as probas específicas (exame e/ou traballo) para demostrar telos lido. Os alumnos/as poden ler, opcionalmente, algún libro de lectura proposto polo profesor/a. Serán dúas as lecturas voluntarias que se propoñen en cada trimestre. Cada libro incrementa 0.25 puntos a nota trimestral dependendo do seu tamaño, dificultade de comprensión, etc. Serán avaliados cunha ficha de lectura de preguntas guiadas e poderase mellorar ata un máximo de 0.5 puntos por avaliación. O control de lectura, mediante proba escrita será fundamental para superar o curso. Se as probas de lectura non estiveran superadas durante o curso, na proba extraordinaria de xuño estas serán avaliadas.

3. Traballo diario: 10% da nota trimestral que se valorarán cun número de obsevacións a cada alumno/a por trimestre que oscilará entre as 5 e as 10, detalladas no caderno do profesor. Inclúe:

- As tarefas diarias, tanto as realizadas na clase como na casa.
- Prácticas de exercicios específicos que o profesor/a recolla coa intención de devolverllas ó alumnado unha vez corrixiadas.
- Revisión de caderno, fichas entregadas e corrixiadas.
- Participación activa na aula.

4. Exposición oral: 10% da nota trimestral. Traballo de investigación, ben individual ou en grupo, que se levará a cabo a través un guión facilitado polo profesor/a que facilitará o traballo para acadar información. Os temas das exposicións extraeranse do Bloque I de contidos do currículo de 2º ESO: "As linguas e os seus falantes".

Todos os documentos (probos escritas, exames, controis, traballos,...) deberán estar presentados limpiamente e con corrección ortográfica, gramatical, etc... As incorreccións nestes apartados poderán supor unha puntuación negativa de ata 2 puntos. Neste senso, as tres primeiras faltas ortográficas e tildes non serán descontadas, superado este número descontarase 0.2 por falta ortográfica e 0.05 por tilde. Tamén se poderá restar ata un máximo de 0.5 por defectos de presentación ou letra defectuosa.

A actitude e comportamento na aula será valorado na calificación final pois será proba da adquisición e mellora de competencias no ámbito social e cidadán.

O alumnado deberá demostrar un nivel mínimo en todos e cada un dos apartados do programa. O abandono ou o baixo nivel dun dos apartados implicará a non superación do curso.

Si o alumno/a é sorprendido copiando nalgunha proba, suspenderá a materia cun 0. Igualmente se o traballo presentado denota signos evidentes de copia por outro compañeiro/a, serán penalizados tanto o que copiou como aquel que o permitiu. O docente poderá requirir do alumno/a unha proba individualizada que confirme que ten as destrezas e coñecementos mostrados no caso de que haxa unha sospeita razoable de copia no exame. Esta nova proba considerase a definitiva e será realizada con todas as garantías para o discente.

Se un alumno/a falta a algunha proba/exame, só se lle repetira esta cando aporte un xustificante médico.

### **Criterios de recuperación:**

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame de recuperación no trimestre correspondente ou ben na proba final en xuño que versará sobre as partes suspensas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente. A materia pendente queda recuperada se existe:

- Unha avaliación positiva de tres cadernos con actividades relativas ao currículo da materia Lingua Castelá e Literatura de 1º ESO, que deberán ser entregados nos meses de decembro, marzo e maio. A cualificación, en tal caso, será 5.

No caso de non entregar os cadernos propostos para a recuperación da materia, deberá superarse una proba final (exame) sobre o currículo da materia de 1º curso que terá lugar no mes de maio. A nota final será a desta proba. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.



Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos             | X    |      |      |      | X    |      | X    |      |
| ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable |      |      |      |      |      |      | X    |      |
| ET.3 - Educación cívica e en valores                             |      |      |      |      | X    |      | X    |      |
| ET.4 - Formación estética  |      |      | X    |      |      | X    |      | X    |
| ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes                          |      |      |      |      | X    |      | X    |      |
| ET.6 - Respetto mutuo e cooperación entre iguais                 |      |      |      |      | X    |      | X    |      |
| ET.7 - Liberdade de expresión                                    | X    |      |      |      | X    |      |      |      |

#### Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Organización dun club de lectura   | Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética. | X        | X        | X        |
| Visita de autores e autoras  | Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.   | X        | X        | X        |
| Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas | Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.  |          | X        |          |
| Gravación de podcast con textos literarios                               | Alumnado do centro de distintas nacionalidades poden gravar textos literarios (narrativos ou mellor poéticos) cada quen na súa lingua. O carácter inclusivo desta actividade e a motivación que pode espertar no alumnado fai que sexa unha actividade ideal para traballar o aprecio polas diferenzas, a educación cívica e a cooperación entre iguais.               |          |          | X        |

| Actividade  | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos. | Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os/as estudantes.  |          |          | X        |
| Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia           | Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector ou lectora, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional. | X        | X        | X        |
| Creación de historias utilizando ferramentas dixitais                             | Este é un recurso didáctico moi interesante. Pode orientarse a que o alumnado cree un cómic. Esta actividade serve para transformar o proceso de aprendizaxe. Ademais, facilita que se adquiran competencias como a comprensión lectora, a capacidade analítica, o traballo en equipo ou o desenvolvemento da autonomía persoal. Tamén é moi útil para traballar valores como a empatía e a autoestima.    |          |          | X        |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico  |
| Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación. |
| Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.                            |
| Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.  |
| Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.  |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.  |
| Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)   |

|   |
|---|
| <b>Metodoloxía empregada</b>  |
| Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.                              |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)   |
| Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...                  |
| Explicáronse e corrixióronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.   |
| Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.   |
| <b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>   |
| Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.   |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>  |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.                       |
| A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.  |
| Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.   |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.                                |
| Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.   |
| <b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>   |
| Realízanse as actividades complementarias programadas.  |

### **Descrición:**

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as

modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 36019475 | IES de Rodeira | Cangas   | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua estranxeira - Inglés | 2º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 36            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 37            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 37            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 37            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 39            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 40            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 41            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 42            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 42            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 43            |
| 9. Outros apartados   | 44            |

## 1. Introducción

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 2º ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

O alumnado, ademais, con esta materia poderá desenvolverse mellor nas contornas dixitais, xa que estas ferramentas aproveitaranse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua e cultura inglesa. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación.

Por outra banda, aquí, o profesorado atopará un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo dun curso e, ao mesmo tempo, flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

O alumnado do noso centro é o característico dunha área urbana de costa que conserva rasgos rurais marcados. As familias en xeral son de clase media-baixa ou de clase media, en algúns casos mono-parentais ou en proceso de selo. Nos últimos anos presentámonos un alto índice de alumnado con necesidade de apoio, ben por problemas familiares, ou por algún tipo de doenza diagnosticada.

Temos tamén alumnado inmigrante, acostumado a outros xeitos de entender a vida escolar.

Esta programación busca servir de marco para todo o noso alumnado.

Este curso académico, 1 docente se encargará de impartir a Primeira Lingua Estranxeira, Inglés en 2º ESO, baixo estreita colaboración cos demais niveis e co departamento.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP  | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.                      | 2-3 | 1-2 | 1    | 1  | 5     |    |    | 2    |
| OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos. | 1   | 1-2 | 1    | 2  | 5     |    | 1  | 3    |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.   | 5   | 1-2 | 1    |    | 3     | 3  |    |      |



| Obxectivos   | CCL | CP    | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|----|----|------|
| OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.  | 5   | 1-2-3 | 1    |    | 1-3   |    |    | 1    |
| OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.              |     | 2     | 1    | 2  | 1-5   |    |    |      |
| OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais. | 5   | 3     |      |    | 1-3   | 3  |    | 1    |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título             | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Out and about      | A cidade e lugares de interese. Descrición de lugares.                               | 5              | 12         | X        |          |          |
| 2  | Learning today     | Material escolar e medios de transporte. Descricións de fotografías                  | 5              | 12         | X        |          |          |
| 3  | A look at the past | Membros da familia e profesión   | 10             | 12         | X        |          |          |
| 4  | Pushing limits     | Emerxencias e actividades de risco extremo   | 10             | 12         |          | X        |          |
| 5  | Great stories      | A natureza e historias de fantasía   | 10             | 12         |          | X        |          |
| 6  | Women in society   | O papel da muller na historia e na sociedade.  | 10             | 12         |          | X        |          |
| 7  | This is us         | Descrición da personalidade e de diversos estados de ánimo                           | 20             | 12         |          |          | X        |
| 8  | A better world     | Voluntariado e concienciación sobre o quentamento global e actividades para frenalo. | 20             | 12         |          |          | X        |
| 9  | Into the future    | Tecnoloxías e previsións sobre o futuro.   | 10             | 9          |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD  | Duración |
|----|---------------|----------|
| 1  | Out and about | 12       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Interpretar e analizar o significado global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos medios. | Extraer o sentido global e as ideas principais de textos orais sobre temas cotiáns, expresados de forma clara e na lingua estándar.   |    |    |
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.   | Interpretar de forma guiada o contido de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe.                 |    |    |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.   | Seleccionar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz. | PE | 66 |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.                   | Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.           |    |    |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.  | Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.                           |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.  | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, con apoios físicos ou dixitais        |    |    |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.  | Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.   |    |    |
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.   | Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público.             |    |    |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.      | Redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio.  |    |    |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.   | Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións. |    |    |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.  | Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.                 | TI | 34 |
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe). | Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.          |    |    |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.   | Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.             |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia. | Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.                         |    |   |
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.   | Aplicar estratexias para apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada as estratexias e os coñecementos máis axeitados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información.   | Seleccionar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz. |    |    |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e axeitados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, utilizando coa axuda os recursos físicos ou dixitais máis axeitados en función da tarefa e das necesidades de cada momento, tendo en conta a persoa a quen vai dirixido o texto.   | Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.           | PE | 57 |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.  | Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.                           |    |    |
| CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.   | Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, con apoios físicos ou dixitais.         |    |    |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.   | Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.   |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e axeitados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de maneira guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación e control da produción.   | Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público.             |    |    |
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adaptación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, mediante ferramentas analóxicas e dixitais, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.  | Redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio.  |    |    |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores. | Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto.  |    |    |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.  | Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións. | TI | 43 |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.   | Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.                 |    |    |
| CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os avances e dificultades na aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar estas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas non Portfolio Europeo de Linguas [PEL] ou nunha revista de aprendizaxe).  | Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.          |    |    |
| CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.  | Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.             |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia. | Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.                         |    |   |
| CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.   | Aplicar estratexias para apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> </ul> |



## Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Materiais de consulta e elaboración propia               |
| Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua |
| Manual da editorial (Teamwork 2, Ed. Burlington)         |
| Recursos audiovisuais auténticos                         |
| Recursos DUA   |
| Equipos informáticos                                     |
| Plataformas virtuais de aprendizaxe                      |

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase nas primeiras semanas do curso para identificar os coñecementos do alumnado, detectar as posibles carencias ou os puntos fortes do noso alumnado e levar a cabo un plan de reforzo.

Realizaranse unhas probas de nivel escritas de Reading (comprensión lectora), e Writing (expresión escrita), seguindo os modelos marcados polo MCERL. Realizaranse tamén avaliacións das habilidades orais (comprensión e expresión) a través das interaccións na aula, que se avaliarán mediante rúbricas ou observación directa.

O plan de reforzo a nivel colectivo na materia de Inglés non entraña complexidade posto que os contidos sintáctico-discursivos sempre volven ser estudados no nivel inmediatamente superior, co cal aqueles aprendizaxes que non foron suficientemente adquiridos serán traballados no curso actual seguindo a temporalización marcada para cada contido.

No caso de que algúns destes contidos non sexa obxecto de aprendizaxe este curso, será tratado nos primeiros días do curso, aproveitando a Starter Unit, que actúa como fío condutor dos contidos do nivel anterior.

En calquera caso, de detectarse alumnado con especiais dificultades no proceso de aprendizaxe, o departamento, asesorado pola docente de dito alumnado, proporcionará material específico máis básico (vocabulario, use of English) para traballar fóra da aula, dun xeito que permita ao alumno reforzar/recuperar coñecementos básicos para a súa correcta evolución.

No caso do alumnado con carencias máis básicas, seguiranse as pautas dadas polo Departamento de Orientación e realizaranse as ACIs axeitadas ao nivel do alumnado individualmente.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1     | UD 2     | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | UD 9      | Total      |
|-----------------------------|----------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>5</b> | <b>5</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>20</b> | <b>20</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 66       | 66       | 60        | 57        | 57        | 57        | 57        | 57        | 57        | <b>58</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 34       | 34       | 40        | 43        | 43        | 43        | 43        | 43        | 43        | <b>42</b>  |

### Crterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. **COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 20%** (Listening e Reading)

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

2. **PRODUCCIÓN ORAL (CA1.3): 5%** (Speaking)

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. **PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5): 10%** (Writing)

Instrumentos de avaliación: Proba escrita.

4. **INTERACCIÓN (CA1.6 + CA1.7): 5%** (Diálogo en parellas ou grupo pequeno)

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. **MEDIACIÓN (CA1.8 + CA1.9): 5%**

Instrumentos de avaliación: Proba escrita.

6. **PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 45%** ( Uso da lingua +vocabulario e estratexias de aprendizaxe)

Instrumentos de avaliación: Proba escrita (CA2.1) Rúbricas/guía de corrección (CA2.2+CA2.3)

7 **INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 10%** (Proxecto e Libro de lectura)

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

A avaliación trimestral será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5, sempre e cando se cumpra a seguinte condición:

Todos os apartados que conforman a Competencia Lingüística suporán o 80% da nota (1.2,1.3,1.4,1.5,1.6,1.7,1.8,1.9,1.10,2.1). O alumnado deberá obter un mínimo de consecución dun 30% do 80% para que se lle sumen os demais criterios de avaliación (2.2,2.3,3.1,3.2,3.3) que suporán o 20% restante. É dicir, que o alumnado deberá obter un 3'75/10 entre todas as partes da competencia lingüística para poder sumarlle os 2 puntos restantes do proxecto cultural (1ª e 2ª avaliacións) / reader (3ª avaliación) e das estratexias de aprendizaxe.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

### Crterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Para o alumnado que non obteña unha cualificación positiva faráselle un seguimento individualizado para reforzar aquelas áreas nas que non acadou os mínimos esixibles. Dito alumnado terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba de cara á avaliación final que incluírá a comprensión oral e escrita, a produción oral e escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, e que valorará as distintas destrezas da competencia lingüística exclusivamente. A proba terá un peso do 100%. Considerarase que o alumnado supera a materia cando obteña o 50% nesa proba.

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 20%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar de resposta curta.

PRODUCCIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.3 + CA1.4 + CA1.5 + CA 1.6+CA 1.7+CA 1.8 ): 20%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita

PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1): 60%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita ( preguntas sobre vocabulario e uso do Inglés)

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un plan específico de recuperación durante os tres trimestres, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias. A persoa docente do curso con avaliación negativa titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación.

O alumnado será supervisado dun xeito continuado polo profesorado correspondente . Ao mesmo tempo, o profesorado controlará a mellora das habilidades como Listening, Writing, Reading durante o curso de referencia, mediante o uso dos instrumentos de avaliación utilizados para o resto do alumnado (probas escritas, taboas de observación, etc.)

Actividades xerais de avaliación: Coincidindo con cada avaliación, a alumnado deberá entregar o boletín trimestral, que suporá un 20% da nota da avaliación e realizará unha proba específica que versará sobre os contidos traballados en cada prazo. Dita proba suporá o 80% na cal o alumnado deberá obter un 35% para sumarlle o 20% do caderniño. Asímesmo, a entrega do caderniño é obrigatória para conseguir a avaliación positiva.

As avaliacións terán un valor ponderado: 20% a primeira, 30% a segunda e 50% a terceira.

Considerarase que a alumno supera a materia pendente de acadar o 50% coa suma das tres avaliacións. É obrigatorio a asistencia ás clases da materia que ten pendente, neste caso Inglés, do curso no que estea matriculado. Dado que os contidos e obxectivos dun curso inferior coinciden coas dúas primeiras avaliacións do curso seguinte, o alumnado que supere a segunda avaliación do curso no que está matriculado aprobará a materia pendente do curso anterior, sempre e cando entregue o caderniño ( incluído o da 3ª avaliación) e aprobe os exames da materia pendente na 1ª e na 2ª avaliacións, co cal obterá un `5'. Contemplarase a posibilidade de que poida realizar a última proba para subir nota e nunca minorala en caso de resultado negativo.

Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.

Por decisión unánime do Departamento, reflexada en acta do mesmo e da CCP, entendemos que a materia é progresiva. Polo tanto, de darse o caso dalgún alumno que non supere a pendente polo proceso descrito pero acade o aprobado na materia do curso no que estea matriculado (a excepción do alumnado non presentado ás convocatorias específicas para pendentes\*), darase por recuperada a asignatura.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na terceira avaliación por medio dos procedementos descritos anteriormente, terá a oportunidade de superar a materia pendente en xuño, realizando unha proba final de comprensión oral e escrita e produción escrita ou tarefas específicas a criterio do departamento, tendo en conta a diversidade do alumnado. Dita proba suporá o 100% da nota. O alumno superará a materia ó acadar un 5. A estrutura será como se describe a continuación:

COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA1.2): 35 %

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar.

PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.3 + CA1.4): 15%  
Instrumentos de avaliación: Proba escrita.

PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1): 50%  
Instrumentos de avaliación: Proba escrita

Lóxicamente, estes métodos descritos para recuperar a materia pendente son xerais. Ante características especiais do alumnado, flexibilizaranse os instrumentos de avaliación e adaptarase a metodoloxía.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

### PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura.                                       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita.                                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A comunicación audiovisual.                                   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - A competencia dixital.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - A educación emocional e en valores.                           |      |      | X    |      |      | X    | X    | X    |
| ET.6 - A igualdade de xénero.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - A creatividade.   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - A educación para a saúde                                      |      |      |      | X    |      |      |      | X    |
| ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.                | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable. |      | X    |      |      | X    |      |      | X    |
| ET.11 - O emprendemento social e empresarial                         | X    |      |      | X    |      |      |      |      |
| ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico                   |      |      | X    |      |      |      |      | X    |

|  | UD 9 |
|--|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura.             | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita.           | X    |
| ET.3 - A comunicación audiovisual.         | X    |
| ET.4 - A competencia dixital.              | X    |
| ET.5 - A educación emocional e en valores. |      |
| ET.6 - A igualdade de xénero.              | X    |

|  | UD 9 |
|--|------|
| ET.7 - A creatividade.   | X    |
| ET.8 - A educación para a saúde                                      |      |
| ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.                | X    |
| ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable. |      |
| ET.11 - O emprendemento social e empresarial                         | X    |
| ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico                   | X    |

### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-------------|---|----------|----------|----------|
| Spring Week | O alumnado terá oportunidade de disfrutar dunha semana de inmersión lingüística |          |          | X        |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Metodoloxía empregada   |
| Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.                     |
| Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.                |
| Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.            |
| Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe. |

|   |
|---|
| Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.  |
| Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.                    |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos  |
| Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.      |
| Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas. |
| Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.   |
| Medidas de atención á diversidade   |
| Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.  |
| Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.   |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais  |
| Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.   |

### Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre  
 Ás veces  
 Nunca

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.



## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 36019475 | IES de Rodeira | Cangas   | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua galega e literatura  | 2º ESO | 4                | 140            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 6             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 8             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 9             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 24            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 25            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 26            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 27            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 28            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 29            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 31            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 32            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 32            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 34            |
| 9. Outros apartados   | 35            |

## 1. Introducción

O IES de Rodeira sitúase na vila de Cangas, o concello máis extenso e populoso da comarca do Morrazo. En Cangas, igual que no resto do país, as dinámicas socioeconómicas de tipo urbano vanlle gañando terreo aos modos de vida tradicionais. Aquí, este proceso vese agudizado pola estreita relación que a vila mantén coa cidade de Vigo, tanto a nivel socioeconómico como histórico. Como resultado, as prácticas lingüísticas da poboación denotan o implementado que está o proceso de substitución lingüística. De feito, son o reflexo da ruptura da transmisión interxeneracional: o galego é empregado polas persoas idosas, aínda que é moi raro que as súas prácticas sexan monolingües; mentres que as novas xeracións utilizan sempre o castelán. Dentro do mesmo concello tamén hai unha notable diferenza entre o centro urbano, onde hai un contraste moi forte no uso das linguas segundo os gremios e as idades; e as parroquias, de carácter máis rural, onde o galego ten unha presenza máis equilibrada. Ademais, as institucións públicas, especialmente o concello e os centros educativos, están moi comprometidos co uso do galego e coa normalización da lingua; aínda que isto non sempre se traduce en políticas que fomenten o uso do galego entre a mocidade. En conclusión, aínda que o galego vive unha situación conflitiva, segue a ser unha lingua ambiental coa que o alumnado pode entrar en contacto con frecuencia aínda que non a empregue como lingua habitual. Cangas é,

ademais, un lugar rico en diversidade lingüística, pois nun mesmo tempo e espazo a rapazada pode entrar en contacto con variedades lingüísticas do galego moi diferentes entre si, coas linguas que falan emigrantes e emigrados etc. Por tanto, o nivel de manexo da lingua varía bastante dun discente a outro. Atopamos perfís de rapaces/as que o manexan sen grandes dificultades, e outros que teñen bastantes dificultades con calquera dos elementos da estrutura lingüística que diverxen do castelán. A formación e o coñecemento son os alicerces principais para acadar o respecto cara a un mesmo e cara aos demais en todas as etapas da vida, por iso axudaremos ao alumnado, entre outras cousas, a manexar esa diversidade lingüística. Tamén, para satisfacer os desexos e as necesidades máis profundas dunha persoa cómpre coñecer a súa realidade individual a partir do que a fai diferente e do lle outorga un lugar de peso no mundo: a través da cultura que ten de seu. A materia de Lingua Galega e Literatura desempeñará un papel fundamental nesa busca e valoración da identidade propia a través da lingua e a literatura, dúas ferramentas coas que será posible que o alumnado aprenda a apreciar o propio e a desenvolver unha maior sensibilidade cara a outras linguas e realidades culturais. A través desta materia, os alumnos e alumnas coñecerán a lingua que define a súa identidade como galegos e galegas e as manifestacións culturais orixinadas a partir dela, co fin de que desboten prexuízos lingüísticos e sexan conscientes dunha parte indispensable do seu saber.

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer progresivamente un uso ético da linguaxe, que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe a seguir avanzando no desenvolvemento de todas as competencias abordadas en primeiro curso.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques: O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Como referencia para impartir os bloques do currículo utilizaremos o libro da Editorial Xerais de 2º ESO. Ademais,

por cada trimestre o alumnado terá que ler un libro de lectura obrigatoria, a escoller entre dous que se lles propoñerán. Os libros de lectura poderán ser avaliados mediante proba escrita ou mediante traballos escritos e/ou outros traballos de tipo creativo. Igualmente, ademais de avaliármolles os contidos que se impartan, tamén avaliaremos a súa expresión oral todos os trimestres mediante a realización de exposicións, gravacións de vídeos ou audios etc. A maiores, terán que entregar textos escritos, participar en concursos de aula, utilizar o galego na aula en diversas situacións...

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP  | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|--|-----|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 |      |     |       | 1-2 |    | 1-3  |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.   | 2   | 2   | 1    | 2-3 | 4     | 3   |    |      |

| <b>Obxectivos</b>   | <b>CCL</b> | <b>CP</b> | <b>STEM</b> | <b>CD</b> | <b>CPSAA</b> | <b>CC</b> | <b>CE</b> | <b>CCEC</b> |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.   | 1-3-5      | 2         | 1           | 2-3       |              | 2         | 1         |             |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.  | 2-3-5      | 2         | 4           | 1         | 4            | 3         |           |             |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.   | 1-3-5      |           | 1           | 2-3       | 5            | 2         |           |             |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.                                       | 3          |           |             | 1-2-3-4   | 4            | 2         | 3         |             |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.  | 1-4        |           |             | 3         | 1            |           |           | 1-2-3       |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4        |           |             |           |              | 1         |           | 1-2-3-4     |



| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC    | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2  | 1-2  |    | 5     |       |    |      |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.                  | 1-5 | 3  |      | 3  | 3     | 1-2-3 |    |      |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                   | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A síndrome posvacacional | Logo da avaliación inicial que se realizará os primeiros días do curso, no primeiro tema traballaremos, na tipoloxía textual, a noticia; no léxico, as partes da casa; na sociolingüística, a lusofonía e as similitudes e diferenzas entre o galego e o portugués; na gramática, a morfoloxía e os lexemas e morfemas; e na ortografía, o alfabeto.   | 11             | 16         | X        |          |          |
| 2  | Lúa nova                 | Na tipoloxía textual, trabállase a narración; no léxico, a comida; na sociolingüística, as linguas minoritarias e minorizadas; no funcionamento da lingua, os prefixos e sufixos; na ortografía, as vogais e consonantes. Ademais, nesta unidade traballaremos e avaliaremos os libros de lectura que se propuxeron para este trimestre: Unha estrela no vento, de Leticia Costas; e o Misterio de Portomarín, de Antía Yáñez. | 12             | 16         | X        |          |          |
| 3  | A gruta da torre         | Na tipoloxía textual, trabállase a carta persoal, o diario e os blogs; no léxico, a paz e a diversidade cultural; na sociolingüística, a normalización; na gramática, o substantivo e na ortografía o uso de h, b, v,  | 11             | 16         | X        |          |          |

| UD | Título                         | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3  | A gruta da torre               | x e s.  | 11             | 16         | X        |          |          |
| 4  | Aplicación instantánea         | Na tipoloxía textual, traballaremos o texto poético; no léxico, a música; na sociolingüística, os prexuízos lingüísticos; na gramática, o adxectivo; e na ortografía os grupos consonánticos br/bl, pr/pl, fr/fl.   | 11             | 16         |          | X        |          |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa.</li> <li>- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.</li> <li>- Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.</li> <li>- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.</li> <li>- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.</li> <li>- A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.</li> <li>- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.</li> <li>- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> <li>- Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá.</li> <li>- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.</li> <li>- Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                                      | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 6         | Síntese teolóxico bíblica dos evanxeos de Mateo e Marcos | 4               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.  | Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal.<br>Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal.<br>Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.  | TI        | 100      |
| CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.   | Determina as características da visión bíblica sobre o ser humano.<br>Relaciona a dignidade persoal coa visión bíblica do ser humano.<br>Respecta e recoñece a dignidade persoal de todos os seres humanos.<br>Aprecia a dignidade da persoa relacionándoa coa visión cristiá da persoa e da vida. |           |          |
| CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal. | Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros.<br>Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión.<br>Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.  |           |          |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.   | Promove e participa en accións e actitudes de xustiza e solidariedade. Toma conciencia e respecto a toda a diversidade das persoas desde unha perspectiva inclusiva. É consciente da responsabilidade compartida de xustiza.  |    |   |
| CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.          | Contempla os desafíos da humanidade identificando as situacións de violencia e discriminación. Considera as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza. Identifica situacións de inxustiza, violencia e discriminación.  |    |   |
| CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural. | Comprende o valor do patrimonio cultural. Interpreta as expresións culturais. Recoñece a importancia das expresións culturais á defensa dos Dereitos Humanos e da identidade persoal. Confirma a importancia de interpretar as expresións culturais para a convivencia e o diálogo intercultural. |    |   |
| CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.          | Descobre a importancia da fe cristiá no presente e ao longo da historia. Expresa a importancia da fe cristiá no desenvolvemento da cultura. É capaz de interpretar o patrimonio literario, artístico e cultural desde a fe cristiá.   |    |   |
| CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.                                | Iníciase na creación dunha síntese da fe cristiá<br>Adquire capacidade para comezar a dialogar entre a fe e a razón<br>Utiliza a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a cultura<br>Mantén as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros   |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa.</li> <li>- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.</li> <li>- Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.</li> <li>- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.</li> <li>- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> <li>- Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá.</li> <li>- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.</li> <li>- Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                                    | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 7         | Síntese teolóxico bíblica dos evanxeos de Lucas e Xoan | 5               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.  | Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal.<br>Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal.<br>Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.                                     | TI        | 100      |
| CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal. | Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros.<br>Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión.<br>Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.             |           |          |
| CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.   | Mostra empatía da diversidade persoal e social.<br>Recoñece a diversidade persoal e social.<br>Toma en conta a historia da salvación como modelo de ser relacional.<br>Descobre que o ser humano é un ser relacional a exemplo do ser relacional de Deus. |           |          |
| CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando consciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.  | Promove e participa en accións e actitudes de xustiza e solidariedade.<br>Toma consciencia e respecto a toda a diversidade das persoas desde unha perspectiva inclusiva.<br>É consciente da responsabilidade compartida de xustiza.                       |           |          |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural. | Comprende o valor do patrimonio cultural. Interpreta as expresións culturais. Recoñece a importancia das expresións culturais á defensa dos Dereitos Humanos e da identidade persoal. Confirma a importancia de interpretar as expresións culturais para a convivencia e o diálogo intercultural.   |    |   |
| CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.                     | Respecta as diferentes igrexas e tradicións relixiosas. Mostra curiosidade e aprecio cara ás crenzas, símbolos e ritos das igrexas e tradicións relixiosas. Comprende as diferentes confesións relixiosas. Valora as posibilidades do relixioso e a dimensión espiritual propia da natureza humana. |    |   |
| CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.   | Recoñece na persoa de Xesús o núcleo esencial do cristianismo. Identifica como pilar esencial do cristianismo á Biblia. Identifica a Biblia como libro do Pobo de Deus. Valora as achegas da Biblia á vida das persoas e as sociedades.   |    |   |
| CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.                                | Iníciase na creación dunha síntese da fe cristiá. Adquire capacidade para comezar a dialogar entre a fe e a razón. Utiliza a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a cultura. Mantén as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.  |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa.</li> <li>- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión.</li> <li>- Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal.</li> <li>- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.</li> <li>- Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e a posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.</li> <li>- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.</li> <li>- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.</li> <li>- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.</li> <li>- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.</li> <li>- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> <li>- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                               | <b>Duración</b> |
|-----------|---|-----------------|
| 8         | O noso contrasinal: Podemos nós ser hoxe Evanxeo. | 5               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.  | Describe os trazos fundamentais que debe ter a identidade persoal.<br>Asume e comprende os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal.<br>Toma consciencia dos trazos e dimensións da identidade persoal.  | TI        | 100      |
| CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal. | Alcanza habilidades e actitudes de relación con outros.<br>Dispón de estratexias sociais efectivas de reflexión, de comunicación e de inclusión.<br>Sitúa estratexias efectivas de axuda mutua e de participación nas súas relacións sociais.  |           |          |
| CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.   | Promove e participa en accións e actitudes de xustiza e solidariedade.<br>Toma consciencia e respecto a toda a diversidade das persoas desde unha perspectiva inclusiva.<br>É consciente da responsabilidade compartida de xustiza.  |           |          |
| CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.   | Comprende o valor do patrimonio cultural.<br>Interpreta as expresións culturais.<br>Recoñece a importancia das expresións culturais á defensa dos Dereitos Humanos e da identidade persoal.<br>Confirma a importancia de interpretar as expresións culturais para a convivencia e o diálogo intercultural. |           |          |



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.        | Recoñece a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social.<br>Aprecia en todos os pobos e culturas as súas experiencias espirituais e relixiosas.<br>Explica e coñece a espiritualidade xudeocristiana.<br>Considera a experiencia espiritual e relixiosa presente noutras relixións. |    |   |
| CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.                                      | Recoñece na persoa de Xesús o núcleo esencial do cristianismo.<br>Identifica como pilar esencial do cristianismo á Biblia.<br>Identifica a Biblia como libro do Pobo de Deus.<br>Valora as achegas da Biblia á vida das persoas e as sociedades.   |    |   |
| CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros. | Iníciase na creación dunha síntese da fe cristiá.<br>Adquire capacidade para comezar a dialogar entre a fe e a razón.<br>Utiliza a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a cultura.<br>Mantén as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.  |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida.</li> <li>- Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus.</li> <li>- Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal.</li> <li>- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.</li> <li>- A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios.</li> <li>- As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias.</li> <li>- Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade.</li> <li>- A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais.</li> <li>- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.</li> <li>- A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.</li> <li>- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.</li> <li>- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.</li> <li>- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.</li> </ul> |

## Contidos

- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas.
- As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade.
- A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias clave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, permítanlles construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan unha ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución conleve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supoñer a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propoñer tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes. Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propoñer accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire unha insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos para seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;

- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia. As orientacións metodolóxicas e para a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación          |
|-----------------------|
| Recursos persoais     |
| Recursos materiais    |
| Recursos tecnolóxicos |
| Recursos dixitais     |
| Recursos espaciais    |

**Recursos persoais:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, dende o profesorado da asignatura ata o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

**Recursos materiais:** Libro de texto. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta.

**Recursos tecnolóxicos** Ordenadores, robots educativos, encerados dixitais, proxectores, tabletas...

**Recursos dixitais:** Plataformas. Aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**Recursos espaciais:** A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao tratarse dunha materia de oferta obrigatoria para o centro educativo pero de libre elección para o alumnado, este pode acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é preciso que acredite coñecementos previos.

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información do desenvolvemento de cada alumno e alumna.
- Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través dos titores, para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

A avaliación inicial vai dar unha idea das capacidades e as actitudes do alumnado co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica     | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/<br>Tipo Ins. | 15   | 10   | 10   | 15   | 10   | 10   | 15   | 15   | 100   |
| Táboa de indicadores  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100   |

### Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

30% corresponderá a unha avaliación con táboas de indicadores sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

50% corresponderá ao traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumnado e será medido a través de rúbricas e rexistros de control.

20% corresponderá a actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia.

No boletín a nota reflíctese cun número enteiro polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao enteiro inferior.

A avaliación será aprobada cun 5 despois do redondeo.

A nota da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das notas reais (sen redondeo) das tres avaliacións que suporá o 90%. O 10% restante corresponderá ás actividades que faga o alumnado no periodo de recuperación ampliación entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria. O redondeo farase igual que nas avaliacións trimestrais.

### Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos. No caso de que a media das tres avaliacións non acade a nota de 5 despois do redondeo, programarase traballo de recuperación encamiñado a que o alumnado suspenso supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que, á súa vez, fará media para a nota da avaliación ordinaria. No periodo entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria o traballo do alumnado será individualizado de xeito que os alumnado que necesite reforzo reciba axuda nas dificultades que teña e poida superalas e os alumnado que teña superadas as tres avaliacións realice actividades de ampliación de forma máis lúdica.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

De ser o caso de que o alumnado suspenso se matricule na asignatura o ano seguinte, a superación da materia nun curso superior, supón o aprobado, obtendo a mesma nota, no curso inferior.

No caso de que o alumno ou alumna non se matricule no curso seguinte na asignatura, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. O plan será personalizado e consistirá nun caderniño que o alumnado suspenso deberá ir contestando ao longo do curso. As respostas revisaranse con frecuencia para detectar os posibles problemas e realizar os axustes necesarios. A nota será a que corresponda tendo en conta que o caderniño avaliarase sobre 10 puntos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A Educación Secundaria Obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e ao logro dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e a adquisición das competencias correspondentes e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar devanditos obxectivos e competencias e a titulación correspondente.

Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias e fomentarse a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. A fin de promover o hábito da lectura, si no Plan Lector do centro aparece recollido, dedicárase un tempo á mesma na práctica docente desta materia.

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivas e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles para a adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade das alumnas e alumnos como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, Elaborárase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria. Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais. - Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas a centros de culto, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (Igrexa, Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser o emprego dos materiais aportados por fundacións como Cáritas, Manos Unidas...
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos pode ser o Plans Proxecta+, entre outros.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora                                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                                | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                                | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico                | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores                        | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Igualdade de xénero                                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Creatividade  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Formación estética                                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Educación para a saúde                                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais              | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

### Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Saídas culturais: Xa só coa área de Relixión Católica ou sumandos a outras áreas | Visita a centros de culto, centros de voluntariado, un museo, exposicións...     |          | X        | X        |
| Saídas á contorna, coa área de Relixión ou sumando a outras,                     | Nas que coñeceremos o patrimonio natural, social e cultural máis próximo.        |          | X        | X        |
| Charlas formativas   | Asociacións, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións. |          | X        | X        |

| Actividade     | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------|---|----------|----------|----------|
| Obradoiros     | Relaxación e xestión de emocións, prácticas sostibles¿  |          | X        | X        |
| Conmemoracións | Recollidas no calendario escolar, como poden ser: festas do calendario litúrxico católico (especialmente Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), festas propias do centro , Día Internacional da Paz, semanas culturais¿ |          | X        | X        |

#### Observacións:

Mediante a realización de actividades complementarias e extraescolares, xa da propia área ou con outras áreas, preténdese conseguir os seguintes obxectivos:

- Ampliar o horizonte cultural do alumnado.
- Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respecto, son fundamentais na convivencia.
- Fomentar a autonomía.
- Coñecer e familiarizarse con acontecementos culturais que habitualmente non se ofrecen nos medios de comunicación de masas.
- Conseguir mellorar as súas competencias básicas en contextos distintos.
- Complementar o currículo das diferentes áreas.
- Fomentar as inqedanzas culturais no alumnado e contribuír ao seu desenvolvemento mediante actividades lúdicas.
- Favorecer o desenvolvemento de temas transversais.
- Desenvolver no alumnado valores de liberdade, responsabilidade, solidariedade e espírito crítico, fomentando as súas habilidades sociais.

A Xefatura de Estudos, como responsable da observancia da disciplina no Centro, poderá excluír das actividades complementarias ou extraescolares ao alumnado que incumpra de forma grave as normas de convivencia do centro ou teña reiteración de faltas leves.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes                               |
| Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos           |
| Metodoloxía empregada  |
| Eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación  |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos                                     |
| Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe                           |
| Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente                              |

|  |
|--|
| Medidas de atención á diversidade  |
| Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado                    |
| Atención adecuada á diversidade so alumnado  |
| Clima de traballo na aula  |
| Participación activa de todo o alumnado  |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familia    |
| Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación                     |
| Comunicación apropiada coa familia por parte do profesorado                          |
| Outros   |
| Ofrecemento ao alumnado de forma rápida dos resultados das probas                    |
| Facilitación a cada alumna e alumno da axuda individualizada precisa                 |

#### **Descrición:**

Ademáis dos citados indicadores de logro, poderase incluír:

Se a programación se axusta ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión; se a estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais; se está adaptada ás características do centro e do grupo; se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa; se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe; se se planificou a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica; se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias; si é adecuada aos criterios de avaliación.

Se como profesor ou profesora reflexionei e avalie a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario; se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais); se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens, farase na medida do posible, ao remate de cada situación de aprendizaxe, asegurando que se completou ao finalizar o trimestre. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico.

### **9. Outros apartados**



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 36019475 | IES de Rodeira | Cangas   | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Tecnoloxía e Dixitalización | 2º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 12            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 13            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 13            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 13            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 15            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 15            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 15            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 16            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 17            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 18            |
| 9. Outros apartados   | 18            |

## 1. Introducción

A materia de Tecnoloxía e Dixitalización é necesaria para valorar a achega fundamental da tecnoloxía na sociedade actual e comprender a importancia de utilizala dun xeito crítico, responsable e sostible. Nun mundo cada vez máis dixitalizado, a materia contribúe a mellorar a competencia dixital do alumnado tratando que utilice o gran potencial das ferramentas dixitais, pero sen deixar de lado a seguridade, a ética e o benestar.

O principal eixe do proceso de ensino e aprendizaxe será o desenvolvemento de proxectos que resolvan problemas concretos, aplicando os contidos da materia. Así mesmo incorporaranse as tecnoloxías dixitais e potenciarase o pensamento computacional, coma bases destacables neste proceso. Trátase de que o alumnado traballe coñecementos científicos e técnicos, desenvolvendo ideas e solucións cunha actitude creativa, emprendedora e de cooperación así coma crítica e comprometida coa sostibilidade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM  | CD  | CPSAA | CC | CE  | CCEC |
|---|-----|----|-------|-----|-------|----|-----|------|
| OBX1 - Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida. | 3   |    | 2     | 1-4 | 4     |    | 1   |      |
| OBX2 - Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.  | 1   |    | 1-3   | 3   | 3-5   |    | 1-3 |      |
| CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.   | É capaz de relacionar características significativas comúns entre o patrimonio local e o de outras rexións europeas. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> <li>- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.</li> </ul> |

| UD | Título da UD             | Duración |
|----|--------------------------|----------|
| 12 | Os desafíos demográficos | 6        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución                           | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou. | Analiza as causas das vagas migrotorias actuais. | PE | 60 |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.   | Diferencia os distintos modelos demográficos e os movementos naturais da poboación mundial mediante a análise de pirámides de poboación. |           |          |
| CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.  | Comprende as causas principais que explican o avellentamento da poboación actual en España e Galicia.                                    | TI        | 40       |
| CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.   | Entende a evolución dos movementos migratorios mundiais dende o século XIX ata a actualidade.  |           |          |
| CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.  | Recoñece o papel da muller nos ciclos demográficos   |           |          |
| CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.  | Entende o impacto da emigración e inmigración na sociedade actual.   |           |          |
| CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.   | A través de fontes orais, comprende o impacto das migracións na súa contorna próxima.  |           |          |
| CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.   | Valora a importancia da diversidade social e cultural froito dos movementos migratorios.   |           |          |
| CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais. | Comprende a relación entre as melloras sociais e os cambios nos movementos naturais da poboación.  |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia.</li> <li>- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola</li> </ul> |

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- supervivencia e o status social du</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> </ul> |

| UD | Título da UD        | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 13 | Un mundo de cidades | 6        |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou. | Identifica o proceso de urbanización e os cambios ocorridos nas cidades ao longo da Historia.             | PE | 60 |
| CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.  | Analiza as causas do despoboamento rural en España e Galicia a través de mapas xeográficos.               | TI | 40 |
| CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.   | Comprende os principais problemas ambientais e sociais propios do mundo urbano e rural.                   |    |    |
| CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.   | Debate sobre problemas actuais das cidades como a xentrificación, planificación urbana ou as megalópolis. |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>        | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------------|-----------------|
| 14        | Desigualdade e cooperación | 6               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.   | Comprende as consecuencias que a contaminación do medio natural ten sobre a poboación do Terceiro Mundo. | PE        | 60       |
| CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.   | Indica algunha medida a realizar para mellorar a sociedade dende o punto de vista social ou ambiental.   |           |          |
| CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.  | Analiza e compara novas de prensa sobre problemas actuais.   | TI        | 40       |
| CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos. | Entende o papel da ONU e das ONGs no mantemento da paz, a convivencia e a cooperación internacional.     |           |          |
| CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.   | Realiza unha análise crítica de teorías acientíficas vixentes na sociedade actual.                       |           |          |



| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.  | Adopta unha postura crítica fronte discursos belicistas, xenófobos e discriminatorios.   |    |   |
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Valora o papel das Nacións Unidas e das institucións estatais e europeas na construción dun marco pacífico caracterizado polos valores democráticos. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital.</li> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> <li>- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.</li> <li>- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe

propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e in

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación                                |
|---|
| Libro de texto                              |
| Apuntamentos e fichas do docente            |
| Caderno ou cartafol de traballo do alumnado |
| Aula Virtual do Centro                      |
| Material audiovisual                        |

|  |
|--|
| Material informático                         |
| Blogues do centro                            |
| Mapas xeográficos e históricos               |
| Novelas históricas, novelas gráficas, cómics |
| Material funxible                            |
| Prensa                                       |

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso, e polo tanto é usado como un instrumento de avaliación.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

Poden tamén empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual, tales como películas de temática histórica, lecturas de ficción, ou xogos.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e capacidades do alumnado, e asemade detectar as posibles necesidades de atención educativa, para adoptar as medidas oportunas para a atención á diversidade. na aula.

Dita avaliación inicial pode consistir en exercicios orais ou escritos (cuestións de redación, de definición, de comprensión, de relación, etc.) sobre os contidos da materia.

Así mesmo é pódense realizar probas diagnósticas ao comezo de cada Unidade Didáctica para avaliar os coñecementos previos que ten o alumnado para axustar as estratexias para a súa aprendizaxe. Dita proba inicial pode consistir en cuestionarios ou test escritos, tormenta de ideas, debates ou preguntas na aula, etc ....

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou nos que hai lagoas de coñecementos. Tamén permite detectar nocións ou preconceptos errados que convén corrixir.

Estas probas iniciais non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | 7    | 7    | 7    | 8    | 7    | 7    | 8    | 7    | 7    | 7     |
| <b>Proba escrita</b>        | 85   | 60   | 60   | 60   | 60   | 60   | 65   | 60   | 60   | 60    |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 15   | 40   | 40   | 40   | 40   | 40   | 35   | 40   | 40   | 40    |

| Unidade didáctica           | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | Total |
|-----------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | 7     | 7     | 7     | 7     | 100   |
| <b>Proba escrita</b>        | 0     | 60    | 60    | 60    | 58    |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 100   | 40    | 40    | 40    | 42    |

### Crterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 60% e o das táboas de indicadores un 40%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán en cuestionarios con preguntas de diverso formato, (de redacción; respostas curtas ou tipo test de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; de ubicar ou interpretar informacións en mapas, etc.). Nas probas escritas especificarase o valor de cada pregunta, entendendo que a resposta correcta e prolixa levará a puntuación máxima, e esta diminuír á atendendo a criterios obxectivos segundo unha rúbrica. Poderase esixir un mínimo de cuestións respondidas. A suma da nota das cuestións será a calificación do exame.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións; cadernos e cartafol das fichas de traballo da aula; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = [ (\text{Media Ex.} \times 60) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 40) ] / 100.$$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [ (\text{Nota 1ª aval.} \times 25) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 40) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 35) ] / 100.$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

### Crterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións poderase propoñer un plan de recuperación do trimestre a través de fichas de reforzo para consolidar o aprendido e preparar, se é o caso, a avaliación extraordinaria. A realización destas tarefas pode ser tida en conta na avaliación extraordinaria, supoñendo un 40% da nota. En caso de non realizar as

tarefas propostas, ou de non realizalas correctamente, terase en conta a nota do exame, que será obrigatorio. A avaliación extraordinaria consistirá nun exame sobre o contido da programación anual, axustado a uns obxectivos mínimos. A cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente. A nota global será o resultado da suma ponderada da calificación das tarefas de reforzo (40% da nota) e do exame final (60%) redondeada ao número enteiro máis próximo. Se a calificación obtida non supera o valor de 5, a materia quedará pendente de superación no curso seguinte, e disporanse as medidas de recuperación oportunas polo departamento.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol.

O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización do exame será por trimestre.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

50% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

50% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

Polo tanto a nota é o resultado de:

Nota trimestral da materia pendente= (Nota Ex. + Nota Traballo) /2.

No caso de que o/a alumno/a non aprobase o exame realizaríase, cando se indicase, unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corrixilo e entregalo de novo.

Para a nota final de curso sería o resultado de:

Nota final de curso: (Nota 1ª Av. + Nota 2ª Av.+ Nota 3ª Av.) / 3.

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51º da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acadase un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Educación cívico-social                | X    |      |      | X    | X    | X    |      |      |
| ET.2 - Educación ambiental                    |      |      | X    |      | X    |      |      |      |
| ET.3 - Educación para a igualdade             |      |      | X    |      | X    |      |      |      |
| ET.4 - Emprendemento                          |      |      |      |      |      |      |      |      |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible |      |      |      |      |      |      |      |      |
| ET.7 - Educación para a paz                   |      |      |      | X    |      |      | X    | X    |
| ET.8 - Educación para o consumidor            |      |      |      |      |      |      |      |      |

|   | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 |
|---|------|-------|-------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Educación cívico-social                | X    | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.2 - Educación ambiental                    |      |       |       | X     | X     | X     |
| ET.3 - Educación para a igualdade             | X    |       |       | X     |       |       |
| ET.4 - Emprendemento                          |      |       | X     |       | X     | X     |
| ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita    | X    | X     | X     | X     | X     | X     |
| ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible |      |       | X     | X     | X     | X     |
| ET.7 - Educación para a paz                   | X    | X     |       |       |       |       |
| ET.8 - Educación para o consumidor            |      |       |       | X     | X     | X     |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                       | Descrición     | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------------------------|----------------|----------|----------|----------|
| Visitas a exposicións e museos   | complementaria |          | X        |          |
| Asistencia a charlas             | complementaria | X        |          |          |
| Excursións de interese didáctico | extraescolar   |          |          | X        |
| Roteiros didácticos              | complementaria | X        | X        |          |

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

Durante este curso está prevista a participación de todo o alumnado do curso nun proxecto Erasmus+ cofinanciado pola Unión Europea.

Dentro deste proxecto proporase aos alumnos a realización de diferentes traballos e trarefas para coñecer e valorar o patrimonio local, e nomeadamente os cruceiros.

No cadro deste proxecto, os alumnos participarán en diferentes obradoiros creativos, entre eles un que se integra no programa "fotografía en curso", e poderán facer visitas guiadas dentro da vila, e ao Museo de Pontevedra.

No terceiro trimestre, un grupo de alumnos viaxará, financiados polo programa Erasmus+, á Bretaña, acollidos por un collège de Brest, para estudar in situ as cruces de pedra bretoas, e complementar o seu traballo sobre os cruceiros galegos.

Tras a viaxe, os alumnos beneficiarios participarán en actividades de difusión da súa experiencia entre os compañeiros de curso, e en toda a comunidade escolar.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Demostra coñecemento da materia  |
| Valoración xeral da materia  |
| Os obxectivos didácticos están ben formulados  |
| A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada                          |
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros  |
| Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado                             |
| A temporalización foi adecuada   |
| Metodoloxía empregada  |
| Planifica leccións, ensina e avalía  |
| Avalía e xulga en función dos criterios da programación  |
| É ordenado nas explicacións  |
| Explica con claridade  |
| Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros  |
| Revisa a realización das tarefas propostas   |
| As actividades foron variadas e motivadoras  |
| Realizouse a avaliación inicial  |
| Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación   |
| Os criterios de cualificación foron axustados  |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos                                     |
| Emprega variedade de recursos  |
| É innovador/a  |
| Sabe dirixir as clases   |
| Cumpriu co horario de clase  |



|                                      |
|--------------------------------------|
| Medidas de atención á diversidade    |
| Ofrece oportunidades de recuperación |
| Resolve dúbidas                      |
| Valora o esforzo                     |
| Clima de traballo na aula            |
| Crea ambiente de aprendizaxe         |
| Motiva ao alumnado                   |

### Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc...todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## 9. Outros apartados

## **1. Participación no Programa Erasmus+**

Ao longo do ano, o alumnado participará nun proxecto pedagóxico Erasmus+ sobre o tema das cruces de pedra na Galiza e na Bretaña.

Todos os alumnos recibirán formación en curso sobre o tema, e traballarán na elaboración dun catálogo e dunha produción artística.

No 3º trimestre un grupo de alumnos viaxará a Francia acollidos por alumnos bretóns e realizarán diferentes actividades didácticas cos seus correspondentes. A selección dos alumnos se fará segundo os criterios establecidos polo departamento de programas europeos do centro, seguindo os criterios de motivación, actitude, competencias demostradas e inclusión do alumnado menos favorecido.

Finalmente faranse actividades de difusión da experiencia na comunidade escolar e no ámbito local.

## **2. Participación no Programa "Fotografía en curso".**

Ao longo do ano, os alumnos participarán en actividades do programa "Fotografía en curso" coordinado polo CGAI. O programa ten como obxectivo despertar a creatividade do alumnado a través da fotografía.

Esta actividade poderase entrelazar coas actividades previstas no marco do programa Erasmus+.